

## cultura

Lugo anuncia un programa de Nadal onde hai un reforzo importante do Mercado. **Páx. 2**

## sociedade

Inauguran a escultura homenaxe aos represaliados na ditadura. **Páx. 7**

## economía

O Concello crea un novo modelo para a concesión de achegas. **Páx. 12**

## zona rural

Os veciños de Coeses concéntranse de novo á entrada do Pleno. **Páx. 17**

## infraestruturas

Comezan os traballos de asfaltado do treito de Frai Plácido Rei Lemos. **Páx. 19**

# Os lugueses escollerán o nome do auditorio



## Primeiras confirmacións do Caudal Fest

Love of Lesbian, Dani Fernández, Carolina Durante, Duncan Dhu, Marlon, Niña Polaca, entre outros. **Páx. 3**

## Lugo recupera a conexión ferroviaria


Desde o 17 farase o traxecto ata Madrid sen transbordos por estrada entre Ourense e Monforte. **Páx. 21**

## Abraham Pérez




O escritor lugues presentou a obra 'Gai-votas manchadas de petróleo'. **Páx. 6**

## Literatura e discapacidade



Fernanda Arrojo e Marisol Bravos presentaron as súas novelas. **Páx. 8 e 10**

## Noa López Tallón



Deportista que adestra no Ensino pero que se formou no CB Sarria. **Páx. 31**

## Aprobados os orzamentos da Deputación

Cunha ampla vocación social, as contas de 2025 soben ata 130 millóns de euros.

**Páx 29**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS  
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE  
MATEO y SANCHEZ  
asesores

¿TIENES UNA EMPRESA? Llega el fin de año, es el momento de asesorarte. Optimizaremos tu factura fiscal.

¿ERES AUTÓNOMO? Descubre si te interesa crear una sociedad y aprovecha las ventajas fiscales. Protege tu patrimonio.

Y SI ERES PARTICULAR... Ponemos a tú disposición un gran equipo de abogados y economistas para estudiar tu caso de manera personalizada. Contamos con más de 2000 procedimientos tributarios gestionados con éxito.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo  
Tel · 982 253 890 · 659 881 585

mail · administracion@mateoysanchez.es web · www.mateoysanchez.com



## Os lucenses serán os encargados de escoller o nome do novo auditorio

A veciñanza pode decidir o nome do novo auditorio a través dunha consulta pública articulada no portal web municipal entre as propostas que se trasladaron ao Concello: Maruja Mallo, Maruja Villanueva, Fuxan os Ventos e Dario Xohán Cabana.

A rexedora sinalou que, aínda tendo a potestade para decidir o nome, quere que a nomenclatura final sexa elixida polos veciños respectando o sentir maioritario das e dos lucenses para que a dotación inicie a súa actividade desde a unidade.

Deste xeito, aqueles veciños e veciñas que desexen participar poderán facelo accedendo á plataforma de votación a través do portal web municipal. No proceso, regrado e con garantías de seguridade, poderán participar aquelas persoas empadroadas maiores de 15 anos. Para iso será preciso facilitar o número do documento nacional de

identidade ou traxeta de residente como proceso previo á verificación do voto e para evitar fraudes e a duplicidade dos sufraxios. En total o proceso estará operativo ata o día 15 e o resultado final da consulta será anunciado a semana da inauguración do auditorio.

Lugo Monumental propuxo que se lle puxera o nome de Negra Sombra como quinta opción, un nome que reúne os méritos de Rosalía de Castro, a autora galega máis coñecida e os de Xoán Montes, o músico máis importante da cidade. Mais o Concello non o incluíu na votación. Por outra banda, xa se esgotaron en poucas horas as entradas dos concertos do novo Auditorio. Ainhoa Arteta actuará o 20 e o 22 de decembro, ás 20 horas e as 19 horas respectivamente. Tamén o fará a Orquestra Terra Nova, o sábado 21 a partir das 19 horas. Entregaranse un máximo de catro entradas por persoas.

## Lugo presenta un programa de Nadal con reforzo do Mercado

O Concello de Lugo, a través da área de Cultura, promove diversas actividades como parte da programación de Nadal 2024-2025. Así, o 21 de decembro terá lugar a Benvinda ao apalpador no Mercado municipal a partir das 17.00 horas.

Ademais, terá lugar o III Medrando no Nadal, un festival de actividades para a infancia que acollerá diversos espectáculos de teatro, narración e música os días 26, 27, 28 e 29 de decembro no Auditorio Municipal Gustavo Freire entre as 17.00 e as 18.30 horas.

Xa en xaneiro, o día 3 celebrarase o Concerto de aninovo '80's Remember' pola Banda Filharmónica ás 20.30 horas no Auditorio Municipal Gustavo Freire. Pola súa banda, o 5 de xaneiro será a Cabalgata de reis con saída ás 18.00 horas desde o Parque da Milagrosa e con chegada á Casa do Concello ás 19.30 horas.

Con todo, tamén haberá varios concertos na Praza de Abastos executados por Claustro Música e diversas actividades relacionadas co xadrez, da man do colectivo Xaquedrum.

**MERCADO.** O acendido das luces de Nadal na Praza de Abastos e no Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros deu comezo á campaña de Nadal en Lugo con máis de 100.000 puntos de luz led repartidos polas dúas instalacións.

A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, afirmou que "co alumeado de Nadal queremos convidar á veciñanza de Lugo a que se achegue á Praza de Abastos e ao Mercado Municipal e que coñeza os produtos de primeira calidade que se venden nestas dúas instalacións históricas".

O acto contou coa animación musical da agrupación Claustromúsica e cunha degustación de produtos dos distintos postos da Praza.

A Praza e o Mercado contan en total



con 57 elementos decorativos, 12 arcos de luces no interior, 2 arcos na entrada da Praza e unha imaxe central a modo de *photocall*. En total, o alumeado conta con 107.600 LEDs repartidos entre ambas instalacións.

**XUENLUGO.** Celébrase unha nova edición do espazo de ocio infantil e xuvenil XuvenLugo, desde o 5 de decembro no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo co apoio da área de Mocidade da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e da área de Cultura do Concello de Lugo.

Entre as novidades do XuvenLugo, está a incorporación de catro novas atraccións mecánicas coas que se trata de atraer máis público adolescente ao recinto, e dous novos inchaables de gran tamaño.

Ademais, o día 13 de decembro o XuvenLugo abrirá en horario de mañá para que os colexios poidan organizar visitas, atendendo unha petición que os centros viñan facendo nos últimos anos.

A maiores das atraccións e obradoiros na zona de ludoteca, haberá dúas xornadas especiais, marcadas polas visitas de Papá Noel, o 23 de decembro, e os Reis Magos, o 4 de xaneiro.

No mes de decembro, o XuvenLugo poderá visitarse do día 5 ao 8, do 13 ao 15, do 20 ao 23 e do 25 ao 30. Xa en xaneiro, os nenos e nenas gozarán das actividades do día 1 ao 4. O


13 e o 20 de decembro serán xornadas de portas abertas, con acceso de balde para todo o mundo, no marco do patrocinio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a área de Cultura do Concello de Lugo.

O horario será de 16.30 a 20.30 e hai diferentes prezos: a entrada xenérica custará 9 euros; a de concellos, colexios e asociacións (con reserva anticipada para un mínimo de 15 persoas) terá un importe 7 euros; e o bono para grupos de 10 persoas poderá adquirirse por 80 euros. Todas as atraccións están incluídas, agás o minigolf, a pista de slot, o touro mecánico e o rocodromo.

**ROZAMURALLAS.** O colectivo Rozamurallas Lugo organiza a VI Papanoelada Motera na cidade o vindeiro 22 de decembro, á que animan a participar a toda a veciñanza con moto.

Desta maneira, as persoas participantes deberán ir disfrazadas de Papá Noel e percorrer a cidade de Lugo coas súas motos desde o parking das Termas ata a praza de Augas Férreas, onde rematará a iniciativa. Este ano, ademais, un dos organizadores, Xairo, explica que desde un colectivo de persoas de Lugo que fan quedadas con coches pedíronlles participar tamén neste evento, así que este ano motos e coches compartirán unha xornada cargada de espírito de Nadal.

### ESCULTURA



A deputada de Cultura Iria Castro e a directora do Museo Provincial de Lugo recepcionaron un busto de Evarista Correa Calderón (1899-1986), que a familia do escritor e xornalista lucense doa ao Museo Provincial de Lugo, onde está exposta no marco da exposición conmemorativa do centenario da revista Ronsel.

### UNIVERSIDAD Grado en:

#### ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III  
Estadística  
Física I y II

#### BIOQUÍMICA

Matemáticas  
Física  
Química general e  
Inorgánica  
Química - Física I  
Bioestadística

#### ENX. AGRÍCOLA

Matemáticas I, II y III  
Estadística  
Física I y II

#### ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II  
Física I y II  
Métodos Estadísticos

#### ENXEÑARÍA CIVIL

Matemáticas I, II y III  
Estadística  
Física I y II

PROFESORADO  
ESPECIALIZADO  
PARA CADA  
MATERIA

### ABAU (Antigua selectividad)

#### BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física  
Química - Lengua  
Gallego - Inglés  
Historia - Filosofía  
Biología - Geología  
Geografía  
Historia del Arte

j.m.rivas  
ACADEMIA



ALTO PORCENTAJE  
DE APROBADOS  
ATENCIÓN PERSONALIZADA  
GRUPOS REDUCIDOS  
Preparación específica  
para subir nota en ABAY



# O Caudal Fest 2025 presenta os primeiros artistas confirmados

O Caudal Fest 2025, que se celebrará os vindeiros 19 e 20 de setembro do 2025, xa ten os seus primeiros artistas confirmados. Así, Love of Lesbian, Dani Fernández, Carolina Durante, Duncan Dhu, Marlon, Niña Polaca, Alcalá Norte, Álvaro Benito, ElyElla, The Rapants, Dollar Selmouni e Merino son os confirmados.

O Caudal Fest será, así, un dos festivais máis grandes, importantes e relevantes do país en 2025. Desde a súa creación en 2018, o evento non deixou de medrar, e afronta 2025 como a súa gran cita.

O Caudal Fest 2025 terá lugar os días 19 e 20 de setembro no entorno fluvial do río Miño, consolidado como o terceiro festival máis grande de Galicia e un dos eventos musicais máis relevantes do norte de España. “Tras o éxito da edición deste ano, na que se bateron todos os récords de asistencia e impacto económico, o Caudal Fest segue a consolidarse como o broche final do calendario de festivais do verán en España”, apuntou Alvarelos.

“Esta cita é moito máis que música, é unha oportunidade única para posicionar Lugo como un referente cultural e turístico non só en Gali-



cia, senón en todo o país”, subliñou a rexedora quen engadiu así mesmo que “cada edición do Caudal Fest supón unha oportunidade única para dinamizar a economía local, pois hostaleiros, comerciantes e múltiples sectores da cidade beneficianse da chegada de miles de visitantes que enchen Lugo de vida durante as datas de celebración do evento”.

“Neste senso, na última edición, o Caudal Fest xerou un impacto económico superior aos 8 millóns de euros, grazas á chegada de milleiros de asistentes procedentes de toda Galicia e doutros puntos de España”, apuntou Alvarelos.

“Pero o Caudal Fest é tamén sinóni-

mo de emprego: na súa sexta edición, máis de 600 persoas traballaron directamente na organización xerándose máis de 1.000 empregos indirectos”, subliñou. “Esta foi a edición máis exitosa ata o de agora, tanto en impacto económico como en volume de asistentes, reunindo a máis de 40.000 persoas, o que provocou que os establecementos hoteleiros da cidade acadaran un 100 % de ocupación, obrigando a buscar aloxamento en municipios próximos”.

Despois de bater todos os récords na edición de 2024, Caudal Fest espera superarse novamente e seguir sendo un dos festivais máis importantes do norte de España.



## Lugo Monumental celebra a SECAL do 5 ao 15

A Asociación Lugo Monumental celebrará un ano máis a Semana de Exaltación da Cultura e a arte de Lugo (SECAL 2024), neste caso entre o día 5 e o 15 de decembro.

Cada ano, a SECAL dedicouse a un artista, Paco Pestana e Vázquez Ceirejo en anos anteriores; e este ano 2024 dedícase a Semana á Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón, en recoñecemento ao gran labor que este centro desenvolve en favor de todas as artes.

Como en anos anteriores, a mostra

estará envorcada no apoio aos artistas, aos que se dará difusión nos locais que desexen expoñer a súa obra, sen que en ningún caso nin a Asociación nin os establecementos reciban ningún tipo de contraprestación económica pola súa colaboración.

A pedra angular desta semana é a promoción dos artistas en locais do centro histórico, unha difusión gratuita que se dará aos artistas e que se concreta na cesión de espazos para a exposición da súa arte.

# A busca da Palabra do Ano 2024 da RAG xa está en marcha

Xa está en marcha a campaña para escoller a Palabra do Ano 2024, unha iniciativa promovida pola Real Academia Galega (RAG) e a Fundación Barrié, que busca implicar á cidadanía na selección dunha palabra representativa dos temas máis destacados e significativos do ano. O proceso de elección desenvólvese a

través do Portal das Palabras, a plataforma web que comparten ambas as institucións para a difusión e modernización do léxico galego.

A primeira fase, aberta até o domingo 8 de decembro ás 23:59 horas, consiste na recollida de suxestións. Calquera persoa poderá enviar as súas propostas a través do apartado

habilitado na páxina web portaldaspalabras.gal, onde tamén se pode consultar información adicional. A partir do mércores 11 de decembro, comezará a fase de votación popular, na que as palabras finalistas serán sometidas á elección dos usuarios do portal, ata o mércores 25 de decembro.

## O BNG reclama un profesor máis de portugués para a EOI

A responsable de Relacións Exteriores e Lusofonía do BNG, Iria Taibo, denunciou na comisión de Cultura, a eliminación inxustificada dunha praza de profesorado de portugués na Escola Oficial de Idiomas de Lugo, “malia a que a decisión da Consellería de Educación vai en contra dun dos principais obxectivos da Lei Paz-Andrade, o fomento da aprendizaxe da lingua portuguesa en Galicia”, advertiu. Así, din que o PP votou en contra

da proposta do BNG, que demandaba a recuperación da praza para o curso 2025-2026, ademais da posta en marcha nas Escolas Oficiais de Idiomas dunha campaña sobre as vantaxes da aprendizaxe do portugués, de acordo cos obxectivos da Lei Paz-Andrade, que foi aprobada hai agora 10 anos por unanimidade no Parlamento Galego, derivada dunha Iniciativa Lexislativa Popular que contou co apoio de máis de 17.000 sinaturas.

## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

### Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camino Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es





## O Arquivo Municipal estrea web para un mellor acceso

O Arquivo Municipal estrea nova web para facilitar á cidadanía un acceso máis áxil e eficiente a este servizo. Esta web é o resultado do traballo levado a cabo polo obradoiro dual de emprego ArquivoLugo. No obradoiro, matriculáronse 20 alumnos, de entre 25 e 61 anos.

A nova páxina web, que integra un folleto informativo, permitirá achegar o Arquivo á cidadanía, facéndoo máis accesible e próximo.

Así mesmo, tamén se levou a cabo a dixitalización de licenzas de obra de 1951 a 1954, o que permitirá ofrecer un servizo máis áxil e eficiente a usuarios internos e externos e preservar correctamente a documentación orixinal, evitando a súa manipulación. Estes traballos supuxeron a dixitalización de máis de 900 expedientes de licenzas de obra maior deste período que abranguen un total de 14.061 novas imaxes.

## O CEIP Anexa ofrece clases de chinés

Comezan as clases extraescolares de chinés no CEIP Anexa organizadas en colaboración coa Escola Oficial de Idiomas (EOI). Este centro educativo súmase á iniciativa, única en Galicia, posta en marcha o pasado ano nos colexios Rosalía de Castro e Illa Verde.

As clases son impartidas por Yin Xinyuan, auxiliar de conversa que se incorporou á Escola de Idiomas a través dun convenio entre a Xunta e o Centro Chinés para a Cooperación e o Intercambio Internacional en Materia Lingüística.

O centro lucense ofrece cursos regulares de chinés desde hai máis de dez anos para persoas a partir de 14 anos.



## Veterinaria repartiu os galardóns en dous certames lingüísticos

A Facultade de Veterinaria da USC entregou os galardóns dos certames 'Escolle en galego' e 'O teu traballo ten premio' cos que a comisión de normalización lingüística do centro quere fomentar o uso da lingua propia da USC entre o seu estudiantado.

O acto serviu tamén para dar a coñecer os perfís gañadores do sorteo 'Cambia a túa mirada', unha campaña que o Servizo de Normalización Lingüística da USC desenvolveu a través da rede social Instagram.

A convocatoria 'O teu traballo ten premio' pretende poñer en valor os Traballos Fin de Grao da Facultade redactados e defendidos en lingua galega.

O primeiro premio, dotado con 250 euros e diploma acreditativo, foi para Lucía Gontán Iglesias, polo traballo 'Emisións de gases de efecto invernadoiro derivadas da produción de carne de Ternera Gallega Suprema'; mentres que o segundo, dotado con 125 euros e diploma acreditativo, distinguiu a Carlos Alfredo Busto Vázquez, polo traballo 'Comportamento

das candorcas (*Orcinus orca*) en vida libre: a problemática das interaccións con embarcacións'.

Carla Vázquez Fernández, primeiro premio, e Cathaysa Veiras Ramos, segundo premio, resultaron gañadoras da edición 2024 do galardón 'Escolle en galego' co que a Facultade quere destacar os mellores traballos académicos elaborados na lingua propia da USC e vinculados a materias do grao en Veterinaria.

As estudantes recibiron 100 e 75 euros, respectivamente, xunto cos correspondentes diplomas acreditativos. Nos dous casos, o traballo premiado levou por título 'Memorias das estancias non clínicas e na Administración'.

En ambos os certames, o xurado estivo composto por Gonzalo Fernández Rodríguez, decano da Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo (presidente), Marta López Alonso, presidenta da Comisión de Normalización Lingüística (vogal e secretaria) e Xusto A. Rodríguez Río, técnico do Servizo de Normalización Lingüística da USC (vogal).

## Volven as aulas abertas do Concello no Nadal

O Concello de Lugo porá en marcha, un ano máis, as Aulas Abertas de Nadal. Poranse a disposición das familias un total de 200 prazas, 100 por cada unha das dúas quendas previstas, con amplos horarios de actividades nos centros cívicos de Paco Martín, Lamas de Prado, Fingoi, A Milagrosa e Maruja Mallo.

O prazo de inscricións estará aberto os vindeiros días 9, 10 e 11 de decembro, datas nas que se poderá solicitar, só de xeito presencial, a reserva para as dúas quendas das Aulas Abertas de Nadal.

Estas se desenvolverán os días 23, 26 e 27, nunha primeira semana, e os días 30 de decembro e 2 e 3 de xaneiro, para a segunda quenda. O prezo é de 3,09 euros e a adxudicación

de praza se fará por rigorosa orde de inscrición. Esta poderase facer só de xeito presencial, en horario de 9.00 a 13.00 horas no local de María Balteira, para as Aulas Abertas no Paco Martín, e nos outros catro centros sociais citados.

A publicación do listado de admisións terá lugar o 13 de decembro, mentres que o pago da cota deberá realizarse os días 16 e 17 de decembro. O horario do programa será de 8.30 a 14.30 da mañá, con actividades didácticas e lúdicas deseñadas para nenas e nenos de 4 a 11 anos, aos que va dirixido este programa, debendo en todo caso ter os 4 anos cumpridos ou 11 anos como máximo na data de inicio da actividade solicitada.

## Azucena Mora, mellor iniciativa de investigación

A catedrática da USC Azucena Mora recolleu o premio á mellor iniciativa de investigación no marco dos galardóns que outorga o Plan Nacional de Resistencia aos Antibióticos (PRAN), coordinado pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS).

A Xornada anual polo Día Europeo para o Uso Prudente dos Antibióticos serviu para conmemorar os dez anos de loita do PRAN contra este problema de saúde pública e actuou de marco para a entrega de galardóns.

O traballo liderado pola profesora Mora céntrase nas bacterias multirresistentes e en como se moven nas tres interfaces da saúde (humana, animal e medioambiental), co



obxectivo de poñerlles freo. Este premio nacional apuntala o que xa é unha liña de traballo consolidada no Campus Terra da USC: o enfoque One Health para achegar solucións fronte a esta "prioridade mundial", en palabras da profesora Mora.

**EN BOAS MANS**  
CENTRO DE FISIOTERAPIA

**SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO**

**FISIOTERAPIA**  
Deportiva  
Neurolóxica  
Traumatolóxica  
Drenaxe Linfático  
E.P.I. / EPTE

**TRATAMIENTOS**  
Accidentes de tráfico  
Lesiones Deportivas  
Neurológico  
Traumatolóxico  
Ondas de Choque  
Radiofrecuencia  
Game Ready  
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 baixo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

[www.boasmans.com](http://www.boasmans.com)  
[info@boasmans.com](mailto:info@boasmans.com)

**HAMBURGUESAS GOURMET**  
(Cachena, Porco Ceita...)

**ABRIMOS TODOS LOS DÍAS**

- DESAYUNOS
- RACIONES
- PLATOS COMBINADOS
- COMIDAS A LA CARTA

**NUEVA CARTA ¡Visítanos!**

**MENÚ DEL DÍA 12 €**

**TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y**

Rafael de Vega, 10 baixo  
Tel. 982 59 38 92 LUGO

**Chegar e encher de:**

- FRONTERA
- CHARCUTERÍA
- CONVELADOS
- ASADOS DE
- POLOS, COELOS
- PANADERÍA

**Brais CARNICERÍA**

PRODUCIÓN PROPIA, EXCLUSIVIDADE EN TENLEIRA CACHENA

Servimos a  
-HOSTELERÍA  
-COLEXIOS  
-DOMICILIO

PREPARAMOS  
CARLES E  
LEZAS CARLES  
PARA CONVELADOR

**Éche o que hai!!!**

- FRONTERA GOURMET
- BODEGA
- PETISCOS
- DELICIAESSEN
- PRODUTOS
- CALDADE PREMIUM

**Rúa Montero Ríos, 40 Baixo - Tel. 982 872 180 LUGO**



## O Goberno mantén o compromiso coas comisións de festas locais

As concelleiras de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, e de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, mantiveron unha reunión cos representantes das comisións de festas do municipio no Vello Cárcere.

A xuntanza, organizada para fortalecer o apoio ás asociacións, busca tamén render homenaxe ao seu traballo e dedicación como responsables no mantemento de festas e tradicións locais ao longo dos anos.

“Esta xuntanza ten como obxectivo principal recoñecer e agradecer o esforzo destas asociacións, que manteñen vivas as nosas tradicións e aseguran que Lugo continúe a ser un espazo onde a cultura popular e as tradicións teñen un lugar fundamental”, explicou Maite Ferreiro.

Tamén subliñou o valor das festas á hora de fomentar a participación de veciñas de todas as idades, contribuíndo á transmisión de costumes ás novas xeracións. “As festas das parroquias e barrios fortalecen o sentimento de pertenza e son a



esencia da nosa identidade lucense”, afirmou.

Cristina López reafirmou o compromiso do Concello de Lugo coas asociacións veciñais a través de accións de apoio para facilitar a organización destes eventos. “As festas populares fan da nosa cidade un lugar único e diverso, polo que entendemos o importante papel que xogan as asociacións veciñais e seguiremos apoiando estas iniciativas que enriquecen a vida social e cultural”, comentou.

As concelleiras resaltaron a impor-

tancia de facilitar recursos e asistencia ás comisións de festas para que poidan afrontar os retos organizativos de cada ano. A xuntanza tamén contou cun recoñecemento simbólico ao traballo das veciñas e veciños, “cuxo labor desinteresado permite manter viva a tradición das festas populares”, insistiu Ferreiro, que animou a continuar participando activamente nas festas como unha maneira de preservar e fortalecer o patrimonio cultural que define a identidade dos e das lucenses

## Adega inicia unha serie de andainas

A delegación de Adega en Lugo presenta a programación de roteiros 2024/25, cuxo tema central será desta vez a problemática da auga. Son andainas pola natureza que organizan desde hai máis de 20 anos e que están dirixidas á poboación de todas as idades, co obxectivo principal de achegar ás persoas á súa contorna natural para que coñezan os valores naturais, patrimoniais e culturais que enriquecen e identifican o noso territorio.

As rutas continuarán o 22 de decembro no Corro dos Mouros/Penarrubia; o 19 de xaneiro en A Pontenova; o 16 de febreiro en Castroverde/A horta do Rei; o 16 de marzo en Santo Estevo do Ermo; o 20 de abril nos Ancares por Terras do Val do Ser; o 11 de maio en Carballeda de Valdeorras e o 15 de xuño na Illa de Arousa.

## Organizarán visitas á Estación de Tratamento de Auga Potable e á EDAR

O Goberno local de Lugo impulsa a educación ambiental e o fomento do consumo responsable da auga con visitas guiadas á depuradora e á potabilizadora para toda a poboación, coas que se busca concienciar sobre o valor da auga.

De feito, con este programa, que agora se amplía, o ano pasado, máis de 600 estudantes de Primaria, Secundaria e Formación Profesional participaron nesta iniciativa, que o Concello de Lugo leva a cabo en colaboración con Gestagua, empresa que xestiona as dúas instalacións máis importantes do ciclo da auga no municipio de Lugo.

Este ano, darase un novo impulso a este programa de sensibilización ambiental mediante as visitas guiadas á Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) e á Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR), mantendo as visitas para alumnado de todos os niveis educativos pero abrindo esta experiencia a outros grupos de interese.

O programa, que se desenvolve entre marzo e maio, está deseñado para ofrecer unha experiencia práctica e educativa sobre o ciclo da auga, desde a súa captación no río Miño ata a súa depuración e devolución á contorna natural.

## A RPT acollerá o grupo C1 para os traballadores da Escola de Música

A alcaldesa Paula Alvarellos e a edil responsable de Cultural, Maite Ferreiro, mantiveron un encontro co persoal da Banda Municipal de Música para abordar varios asuntos que afectan ao colectivo.

Durante a xuntanza, na que tamén participaron técnicos municipais da área de Cultura e do Gabinete Xurídico, a rexedora informou a estes traballadores e traballadoras municipais de que o Executivo está a levar a cabo o cambio da Relación de Postos de Traballo do Concello para que poidan adquirir o nivel C1 mediante un proceso de concurso-oposición, modificación que será levada á Xunta de Goberno Local.

“Trátase dunha reivindicación á que finalmente os técnicos municipais lograron dar un encaixe legal. Deste xeito, aspiramos a que a Banda Municipal recupere a súa faceta como elemento dinamizador da cultura lucenses e medre tamén como unha canle fundamental para a divulgación da música a través do seu traballo pedagógico”, sinalou Alvarellos Fondo, quen considera que a Banda é un recurso municipal estratéxico para a recuperación e posta en valor do

patrimonio artístico de Lugo. O procedemento para acadar a reclassificación dos postos de traballo e a súa correcta provisión implicará a realización dun plan de ordenación de recursos humanos circunscrito a este departamento. Así, procederase en primeiro termo á devandita modificación da RPT, despois á provisión de 19 postos de traballo a través dun procedemento de promoción interna por concurso-oposición e, finalmente, á amortización dos 19 postos actuais, ou os que fora necesario, pertencentes ao subgrupo C2.

A Escola de Música permite acceder a esta formación cunha taxa “asequible para todas as familias independentemente do poder adquisitivo, garantindo cun servizo público que todas as persoas que o desexen poidan acceder á formación musical”, explicou Ferreiro. Ademais, a Escola conta cun Banco de Instrumentos que permite que as familias con maiores necesidades económicas, que non poden facer fronte á inversión que require un instrumento musical, poidan facilitar a iniciación das súas fillas e fillos á música.

### PREMIO



Alejandro Álvarez gañou o primeiro premio da VII edición dos Premios Rafael Crecente, de iniciativas innovadoras de xestión territorial, impulsado polo Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader).

**AZULEJOS Y  
PORCELÁNICOS  
DESDE 4€**

**MUEBLES DE BAÑO  
DESDE 99€**

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

**outlet  
sótano**

GARANTÍA DE CONFIANZA  
COMERCIAL LOCAL

azulejos, porcelánicos  
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”

**LIQUIDACIÓN  
DE STOCK ANUAL**

(Sólo hasta el 15 de enero)



# Abraham Pérez presentou a obra 'Gaivotas manchadas de petróleo'

O escritor lucense estivo acompañado no Vello Cárcere polo editor do libro, Ángelo Pineda, e tamén polo escritor de Lugo Xerardo Quintiá

Por Jessica Fernández

Nado en Lugo en 1990, Abraham Pérez estudou Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela, sendo a súa inquietude tan fonda que cursou tamén o mestrado da mesma disciplina, sendo neste momento investigador e profesor no ensino secundario.

Vencellada a estes intereses e inquietudes existenciais de entender a realidade, xorde a súa paixón pola lectura e pola escritura, polo que en 2020 publica a súa primeira obra en galego *Fragmento/Creba* (Editorial Galaxia, 2020) como parte dun "proxecto literario con varias partes que se reflicte en distintas obras". O primeiro poemario que publicou acolle "toda esta concepción poética centrada na época actual, xa que unha das cuestións que máis me preocupan é comprender os tempos nos que vivimos", explica Pérez. Así, con esa pulsión filosófica e científica, xorde a parte literaria. "As obras literarias tratan aspectos da realidade que non acaban de encaixar ou non se tematizan totalmente pola súa

forma desde a filosofía e a ciencia".

A partir dese punto, empezou a xurdir na mente do escritor outro poemario que se materializou como unha teoría para os espectros (*Toxosoutsos, 2021*: gañador do 2º premio do III Certame de Poesía Torre de Caldaloba). "Nese poemario indaguei nas mesmas cuestións ontolóxicas, pero de forma diferente, profundando na construción do eu lírico". O terceiro, publicado en 2022 baixo o nome de o corpo transparente das horas (Editorial Galaxia, 2022), seguiu a liña de pensamento aberta nas obras anteriores, "sendo textos independentes, pero que teñen unha relación entre si moi íntima", explica Abraham Pérez.

O seguinte texto, *Sacho de seda* (Menino Morreu, 2023), foi de estilo "máis pop", xa que é "un texto que trataba de conxugar o interese de masas, relacionado co Club Deportivo Lugo". Así, é un texto sociolóxico que conta a vivencia da afección lucense dentro dun deporte corrompido polo capitalismo. "Ademais, trata aspectos como a identidade

colectiva e individual, a clase social, coa cidade de Lugo de fondo. E coas mesmas coordenadas de pensamento dos poemarios".

Pola súa parte, *O paso en falso* (Editorial Galaxia, 2023: Finalista do XXXIV Premio Torrente Ballester de narrativa en lingua galega) é unha novela "que ten diferentes capas e que se pode ler de moitas maneiras. A aparente facilidade de lectura que posúe pode levar a pensar que é literatura xuvenil, mais as claves son outras completamente diferentes, como nese toque posmoderno e paródico que bebe de referencias doutros autores como Otero Pedrayo ou, claro, James Joyce", explica o autor.

**A OBRA.** Finalmente, a obra que se presentou no Vello Cárcere, *Gaivotas manchadas de petróleo* (Menino Morreu, 2024), que "é como unha especie de diario, un texto de acompañamento que forma parte de anotacións e preocupacións que un vai tendo ao longo de moitos meses, sobre todo durante os anos 2020 e 2021. Digo de acompañamento porque foise creando mentres xurdían outros proxectos que se foron escribindo". Con todo, destaca que son textos "que se xuntaron nun texto máis grande, por iso ás veces ten esta vertente de diario e outras teñen máis de ensaio". Ademais, ten aspectos poéticos, ensaísticos e narrativos, cun pouco de humor e parodia e incluso ficción. "Quixen xuntar textos que escribín con ficción e a desordenar esa colocación cronolóxica. Empeciei a eliminar esa parte ancorada e a xogar con esta idea, e xurdiu un texto que se desborda en si mesmo". Ademais, inclúese un



manifesto con pezas poéticas que aparecen nos poemarios unha teoría para os espectros e o corpo transparente das horas, utilizados para unha intervención artística na Fundación Eugenio Granell en colaboración coa galería de arte Néboa. "Este texto serve para xogar cos manifestos de comezos do século XX, das liñas da vangarda e comprender a época, a clase social, as referencias culturais... Unha das claves para poder entenderse é facer unha interpretación dos produtos culturais da época. Tratar de verter para fóra e ler o que hai para comprender e que o resultado diso emane como un elemento do material literario", sostén.

En definitiva, toda a obra de Abraham Pérez é un proxecto aberto. "Hai cousas por vir. Utilizar liñas ensaísticas, poéticas e narrativas tivo sentido para ler obras independentes, pero un vai construíndo un proxecto literario no que todas as pezas van encaixando. O que intento é construír un continuo, pasando por puntos que me interesan; un xogo en espiral e como todo iso se vai materializando como elementos de pensamento e elementos literarios.

Un xogo constante entre a forma e o contido", argumenta.

**PRESENTACIÓN.** Con todo, a presentación do libro, que tivo lugar o pasado 24 de novembro no Vello Cárcere, tivo "moi boa acollida", tal e como di o propio autor. "Veu veu moita xente e desde a editora dinme que se venderon bastantes exemplares entre o acto de onte e a través da web. Así que, estamos moi, moi ledos". O autor, Abraham Pérez, estivo acompañado polo editor do libro Ángelo Pineda, e tamén do escritor lucense Xerardo Quintiá, quen arrouparon ao escritor. "Hai xente que xa coñece a miña obra e que sabe que cada obra non se esgota nunha lectura, que hai que lelo varias veces porque vaste dando conta de novos elementos. Esa é unha das miñas teimas como escritor. É interesante que cada persoa condiciona a obra coas súas interpretacións. E *Gaivotas manchadas de petróleo* é un texto peculiar que reborda no seu formato, xa que ten incluso referencias ao cine, á literatura e á música", conclúe o escritor.

ALQUILA TU ESPACIO PRIVADO  
PARA CUMPLES

DE LUNES A DOMINGO  
PAZO DE FEIRAS E  
CONGRESOS  
(LUGO)

HINCHABLES,  
FÚTBOL,  
JUEGOS,  
MINI DISCO Y  
MUCHO MÁS...

606 804 864 **Total sport**

**ESPECIALISTAS EN**

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

\*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N  
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilaro@hotmail.com

www.marmolesvilaro.com

MARMOLES  
VILARO



## Inauguran a escultura homenaxe aos represaliados na ditadura

O cemiterio municipal acolleu na xornada o acto de apertura ao público da escultura coa que o Goberno de Lugo, a través da Tenencia de Alcaldía homenaxea a todas as persoas represaliadas durante a Guerra Civil e a ditadura franquista.

O acto público celebrado nas instalacións do cemiterio realizouse no día seguinte do 49º aniversario da morte do ditador Francisco Franco, abrindo así un novo ciclo de lembranza e reflexión sobre as vítimas da represión franquista e a importancia da recuperación da memoria histórica.

Cristina López, concelleira responsable do Cemiterio, afirmou que esta imaxe “non lembra só ás vítimas da represión, é un convite a toda a veciñanza a reflexionar sobre a importancia da memoria histórica, un pilar básico para construír unha sociedade máis xusta e democrática”.

A imaxe elaborada por Álvaro de la Vega está colocada na zona antiga do cemiterio, na parte central, ocupando un dos lugares máis destacados e visibles do cemiterio municipal de San Froilán.

O acto contou coa participación de figuras destacadas da cultura galega, como o músico Xosé Luis Rivas “Mini”, encargado de abrir o evento cunha intervención musical, e con Claudio Rodríguez Fer e Carme Blanco, que realizaron lecturas poéticas de textos relacionados coa recuperación da memoria histórica. Ademais, o autor da escultura, Álvaro de la Vega, explicou o significado e a intención da súa obra.

O Goberno de Lugo convidou ao acto a todas as asociacións, colectivos e persoas individuais vencella-



dos coa recuperación da memoria histórica, e contou coa presenza de representantes de diversas asociacións e de numerosas persoas a título individual.

O acto rematou cun xesto simbólico onde as persoas asistentes recibirán cravos brancos, que serán depositados ao pé da escultura como mostra de respecto e recordo.

## O Concello encargárase do servizo de enterramento para persoas con baixos recursos

O Goberno de Lugo vén de prorrogar un ano o servizo de enterramento para persoas con baixos recursos, que se presta de xeito gratuito nos casos onde non se poida facer cargo dos servizos mínimos. O Concello presta, de xeito gratuito, os traballos de recollida do cadáver e traslado ao cemiterio, así como os medios materiais necesarios para a prestación deste servizo, nos casos de persoas con baixos recursos.

Segundo a ordenanza reguladora, están exentos os servizos que se

presten con ocasión de enterramentos de cadáveres cando se trate de persoas sen recursos, ben perceptores do salario social (RISGA), ou ben de persoas non integradas nas canles de axuda social das que, pola súa condición de transeúntes ou outras circunstancias especiais, se descoñezan datos relativos á súa situación económica e/ou familiar. Estas circunstancias deberanse xustificar nun informe social, ademais dos enterramentos que ordene a Autoridade Xudicial na sección de comúns do cemiterio.

## Arroxo informou dun novo récord de usuarios no autobús urbano

O tenente alcalde e responsable de Mobilidade del Concello de Lugo, Rubén Arroxo, informou dun novo récord de usuarios no autobús urbano, con 220.870 billetes expedidos en outubro.

Arroxo sostivo que se trata “non só do mellor mes de outubro desde que se gardan rexistros, senón que é o maior dato de usuarios rexistrado nun só mes”.

O tenente alcalde e responsable de Mobilidade, Rubén Arroxo, afirmou que “as veciñas e veciños de Lugo están a usar máis que nunca o transporte público, un cambio

de tendencia que vai da man cos cambios na mobilidade que transformaron a cidade nos últimos anos”.

Así, anunciou que o mes de outubro de 2024 foi o mes con maior número de usuarios no bus urbano “non só contando os datos históricos do mes de outubro, senón tendo en conta todo o ano”.

A marca de 220.870 billetes expedidos supera a marca de outubro de 2019, o antigo maior dato histórico de usuarios en máis de 1.000 billetes, e a marca de outubro de 2023 en 28.958 billetes.

## Continúan os ensaios para eliminar a vexetación da Muralla

A Xunta continúa os ensaios cun bioherbicida a base de ácido pelarónico para eliminar a vexetación da Muralla. Se está a testar un método de limpeza natural, respectuoso coa fauna e o medio ambiente e adecuado para calquera época do ano.

Estes días seguiron as probas nas catro cuadrículas delimitadas xunto ao cubo LXXI, fronte ao edificio administrativo da Xunta. O procedemento está a ser supervisado por especialistas e unha vez que se valore a súa súa efectividade e incidencia sobre os muros, se os resultados son positivos estenderase a lenzos enteiros



durante a próxima primavera. A última fase consistiría en aplicala sobre todo o perímetro, de cara ao próximo outono, e propoñer a súa incorporación aos protocolos de mantemento.

**estudios rafer**

### FORMACIÓN PROFESIONAL PARA LA INSERCIÓN LABORAL

Titulaciones oficiales para el empleo

**MEJORA TU EMPLEABILIDAD**

Estudios muy demandados que garantizan la estabilidad y seguridad laboral

ADMINISTRACIÓN  
MARKETING  
INFORMÁTICA

OBRA CIVIL  
FABRICACIÓN  
MECÁNICA  
LOGÍSTICA

SOCIOCULTURAL  
TURISMO  
AUTOMATIZACIÓN

Estudios Rafer pone en marcha un Programa de Formación dirigido a desempleados y trabajadores. Este programa se encuentra dentro del Plan formativo para el empleo de Galicia. Formate con nosotros

- CERTIFICADOS PROFESIONALES
- TITULACIONES OFICIALES PARA LA ESTABILIDAD LABORAL
- 100% GRATUITOS

[www.estudiosrafer.es](http://www.estudiosrafer.es)

[formacion@estudiosrafer.es](mailto:formacion@estudiosrafer.es)

666 483 504 / 982 22 26 49

**DIGALICIA** Transformación Digital

### PROGRAMA GRATUITO DE FORMACIÓN EN TRANSFORMACIÓN DIGITAL

**INSCRIBETE**

DIGALICIA DIRECTIVOS  
672 063 331

DIGALICIA AGENTES DEL CAMBIO  
662 95 67 15

**ENCUÉNTRANOS EN LUGO**  
RÚA PENAS DO REL 4, BAJO,  
27002 LUGO

**DIGALICIA.ES**



## O BNG reclamará a creación de unidades de reprodución asistida nos hospitais de Lugo e Ourense

O BNG reclamará no Parlamento a creación de unidades de reprodución asistida nos hospitais de Lugo e Ourense para rematar así coa “discriminación” que sofren as mulleres do interior do País, que se ven obrigadas a desprazarse ata Vigo, Santiago ou A Coruña para recibir os tratamentos de fertilidade, xa sexa por inseminación artificial ou fecundación in vitro. “Flexibilizar as restricións para os tratamentos de fertilidade é un paso importante, pero é prioritario tamén rematar co profundo desequilibrio territorial que sofren as mulleres de Lugo e Ourense”, considera a portavoz nacionalista de Sanidade Hospitalaria, Iria Carreira, denunciando o custe engadido que ten para as mulleres do interior do País a decisión de someterse a técnicas de reprodución para ser nais.

A modo de exemplo, explica que unha muller da Fonsagrada ten que facer unha viaxe de case dúas horas para ser tratada na unidade da Coruña, cando podería reducir á metade o tempo do desprazamento no caso de poder ser tratada no Hospital Lucus Augusti de Lugo (HULA), coas revisións, probas e procedementos necesarios.

Iria Carreira defenderá no Pleno unha iniciativa na que ademais de unidades de reprodución asistida no CHUO e no HULA reclamará a dotación de máis medios nas tres unidades que existen na actualidade co obxectivo de reducir as listas de agarda, que no caso dos tratamentos de inseminación poden superar o ano. Trátase, apunta a deputada, de evitar que, malia a ampliación do límite de idade máxima, se dean casos de mulleres que acaban sendo excluídas por mor dos tempos de espera.

## “O medo limita a vida de moitas persoas con discapacidade”

A escritora e presidenta de Aspace, Fernanda Arrojo, presentou a súa nova obra ‘Turno de vacaciones’ na Biblioteca Provincial de Lugo

A escritora e presidenta de ASPACE, Fernanda Arrojo naceu hai máis de 50 anos en Lugo e con Parálise Cerebral debido a “algún problema que ocasionase unha diminución de osíxeno no meu cerebro. Con seguridade, non o sei. Pero aprendín a non darlle importancia ao como, senón ao que: a que secuelas tivémonos que afrontar a miña nai e eu (unha tetraparesia espástica con problemas de fala)”, tal como escribía ela mesma no relato ‘Sempre ao meu lado’ que escribiu en 2019.

**De que trata a súa nova obra ‘Turno de vacaciones’?**

Turno de Vacaciones ten como protagonista a Amanda, á que lle concederon unha quenda de vacacións en Mallorca, incluído no Programa de turismo social para persoas con discapacidade que convoca unha entidade do sector denominada COEME. Pero, por mor dun feito inesperado e sorprendente, emprenderá unha viaxe que non só se limitará ao goce destas vacacións, senón que durante as mesmas viaxará ao pasado para comprender todo o que está a vivir. Por iso, hai dúas narradoras, a omnisciente e a propia Amanda; e dous tempos na historia: o presente no que a protagonista conta o que pasa na viaxe; e un pasado que fai referencia ao vivido por Amanda, vinte e un anos atrás. Na obra hai varias ilustracións de Camino Casabella, pintora que acaba expoñer non Vello Cárcere e o prólogo foi escrito por un colega, traballador social e escritor, Pablo Veiga.

**En que se diferencia esta obras das anteriores?**

No xénero literario utilizado. A miña



primeira publicación foi un traballo de investigación social. Como traballadora social de profesión e como persoa con parálise cerebral quixen indagar na confluencia de circunstancias que discriminan ás persoas con diversidade funcional, sobre todo ás mulleres. Devandito traballo acabou sendo gañador da XVIII Bolsa Roosevelt 2020, titulado: ‘Interseccionalidad de género y discapacidade: Las capas de la cebolla’, publicado grazas á editorial dun colega, Alejandro Robledillo. Ademais de investigar, gústame escribir e participei en varios concursos. Algúns deles convocados pola editorial Diversidade Literaria. Co tempo, esta editorial contactou comigo para que participase como coautora nunha antoloxía de relatos, baixo o título: ‘El legado de las voces silenciadas’. E un ano despois, esta mesma editorial proponme a publicación dunha obra individual, que é

esta novela curta, na que pretendo transmitir unha mensaxe: o medo como barreira que limita a vida de moitas persoas con discapacidade. E fágoo narrando unha historia ficcionada baseada en experiencias propias e alleas.

**Como cre que vai ser a acollida desta obra por parte da sociedade?**

Espero e desexo que ben. Aínda que a edición é moi limitada e estará en función da demanda. Non son unha escritora profesional, nin o pretendo. Simplemente me encanta comunicar cousas e unha maneira de facelo é escribindo.

**É presidenta de ASPACE Lugo, como se leva esta responsabilidade?**

Como xa sinalei, son unha persoa con parálise cerebral e, ademais, sempre me interesou a participación social. Unha forma de facer real o meu compromiso social é asumindo este cargo directivo na entidade lucense ASPACE, como xa

o fixen noutras, por exemplo, AUXILIA. ASPACE ten como obxectivo a atención e mellora da calidade de vida de persoas, nenos e adultos, coa mesma condición: ter secuelas dunha parálise cerebral.

**Co proxecto RUMBO impúlsase a autonomía persoal, que máis falta por acadar para as persoas con parálise cerebral?**

Proxecto RUMBO é unhas conxunto de accións levadas a cabo por Entidades do ámbito da discapacidade, financiadas por fondos europeos. E está pendente dunha avaliación. Pero o que é evidente é que aínda non se conseguiu ese obxectivo: a autonomía persoal. Estamos nos inicios! E sempre que falemos de persoas que non teñan grandes necesidades de apoio e axuda. Porque as que as temos, padecemos todo tipo de obstáculos para ser autónomas sen deixar de estar en situación de dependencia (debido á discapacidade): desde a falta de accesibilidade non só física (barreiras urbanísticas, arquitectónicas, de transporte), senón tamén de comunicación (o acceso a sistemas alternativos e aumentativos cando non hai comunicación oral) á situación tan deficitaria de recursos moi necesarios como a prestación de asistencia persoal. Non se atopan asistentes persoais! E moitas veces confúndese coa axuda a domicilio, cando do que estamos a falar é de inclusión social, integración laboral e acceso á educación.

**Finalmente, cales son os seus proxectos futuros?**

No Movemento ASPACE, no que conflúen as entidades e federacións de todo o Estado estamos a traballar para cambiar a imaxe social da persoa con parálise cerebral: pasar da infantilización estrutural á autodeterminación da persoa. E estase facendo baixo o enfoque social de dereitos, a través dunha maior participación das propias persoas con parálises. De aí, unha das últimas campañas de sensibilización social: “Eu decido”.



## Queixas polos desperfectos nos desfibriladores

A concelleira de Benestar Social e Maiores fixo un chamamento público ao civismo de todas e todos os lucenses, despois de comprobar a desaparición e rotura de dous desfibriladores públicos, que estaban instalados nas prazas de Avilés e do Sagrado Corazón.

Segundo explica López Racamonde “un destes dispositivos foi atopado nun descampado grazas ao sistema de xeolocalización que levan incorporado, mentres que outro que sufriu danos tivo que ser arranxado. É incomprendible este tipo de actos de vandalismo, de bens que pagamos todas e todos os cidadáns”.



# INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN

## Un millón de euros para a granxa de porco celta

### José Tomé anuncia que se licitará antes de final de ano a súa construción na finca Gayoso Castro

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, vén de anunciar que a institución provincial licitará antes de final de ano a construción da granxa de porco celta por 1,057M€. O mandatario provincial cumpre así co seu compromiso de dotar á provincia dun servizo público que, segundo explica, será “fundamental para o futuro do noso sector primario” e “decisivo na formación dos profesionais que serán os encargados de velar pola saúde animal e a sostibilidade da nosa gandería”. Detalla que está previsto que a Deputación licite os traballos antes de que remate o ano, para poderlos adjudicar no primeiro trimestre de 2025, “coa ambición de que esta granxa de porco celta estea en pleno funcionamento no ano 2026”.

“Esta nova granxa nace como un espazo de formación, que conectará a teoría e a práctica, permitíndolle aos estudantes da Facultade de Veterinaria e aos Enxeñeiros Agrónomos da USC do Campus Terra realizar prácticas formativas de gran valor”, destaca Tomé Roca, que engade que servirá tamén “para seguir traballando para que a Facultade de Veterinaria supere as inspeccións europeas e manteña un alto pos-



to no ránking de Shangai como as mellores do mundo. A formación práctica é esencial para que os nosos futuros profesionais adquiran as competencias necesarias para facer fronte aos retos que presenta o sector nun laboratorio vivo”, argumenta.

**AS INSTALACIÓNS.** Cunha capacidade máxima de 24 porcas de cría e 5 porcos reprodutores, as instalacións que se situarán no complexo da finca Gayoso Castro que a Deputación de Lugo ten en Castro de Rei e terán unha superficie edificada de máis de 1.000 m<sup>2</sup> e consistirán nun espazo “multifuncional” que incluírá unha nave de produción, zona de corentena, aulas, vestiarios e almacenaxe.

A nave de produción será a estrutura principal da granxa, onde se desenvolverá a maior parte da actividade. A nave dividirase en

distintos módulos que separarán as diferentes etapas da produción. Haberá unha zona de corentena, unha área separada da nave principal que será utilizada para illar os animais en caso dalgunha enfermidade. Na Granxa haberá tamén aulas, vestiarios, 4 silos para almacenar alimento, depósitos de auga, grupos electróxicos, unha fosa de xurro, ademais de pistas para comunicar as diferentes zonas e os correspondentes peches perimetrais do recinto. Sinala o Presidente que se integrará “perfectamente nas actividades que xa estamos desenvolvendo na Granxa Gayoso Castro”, e lembra que a Deputación está a levar a cabo proxectos de crianza de xatas de raza rubia galega en colaboración con ACRUGA, recría de gando vacún, a Granxa Experimental de Leite e a recuperación da raza de vaca cachena e cría de cabalos. “Unha actividade que agora se ve reforzada coa conservación e mellora da raza porco celta, que servirá tamén para a formación universitaria de veterinarios e enxeñeiros agrónomos”, valora.

**COMPROMISO.** “Seguimos co noso obxectivo de poñer a formación, a investigación e a innovación ao servizo dos gandeiros e gandeiras da nosa provincia, de todo o sector primario, e ao servizo do desenvolvemento do rural”, destaca o mandatario provincial. Sinala que “a provincia de Lugo é punteira na produción de leite, carne e madeira, e a Deputación está decidida a seguir apoiando e desenvolvendo estes sectores”, detallando que “a agricultura e a gandería son as raíces da nosa

economía e, como tal, merecen ser potenciadas e coidadas”. Esta granxa de porco celta contribuirá, en palabras do Presidente, ao desenvolvemento económico da provincia de Lugo a través do impulso dun sector produtivo esencial para a nosa provincia; a afianzar a posición da provincia de Lugo no mapa do ensino superior europeo; e a reter o talento dos mozos e mozas, e a fixar poboación no rural da nosa provincia.

**FALTA DE VISIÓN DA XUNTA.** “As Administracións Públicas temos un deber”, indica José Tomé Roca, “atender á cidadanía, no seu día a día, pero tamén, planificar e impulsar o futuro da sociedade a medio e longo prazo, dende unha visión global e estratéxica do territorio; dende o coñecemento da súa realidade e das súas oportunidades”. E nese sentido comenta que “botamos en falta esta visión estratéxica por parte da Administración autonómica que debería liderar esta acción política, e sobre todo, é quen ten as competencias e os medios económicos para axudar ao rural, pero a realidade é que non se lle está vendo unha política clara de axuda ao medio rural”. Destaca que “desde a Deputación de Lugo, intentamos paliar esa falta de visión estratéxica de futuro para o sector primario e para o rural, dentro das nosas posibilidades e cos recursos dos que dispoñemos” e que nese sentido a institución provincial faiño “coa fórmula máis axeitada: da man dos sectores produtivos e incorporando o coñecemento da Universidade”.

Cunha  
capacidade  
máxima de  
24 porcas de  
cría e 5 porcos  
reprodutores, as  
instalacións  
terán unha  
superficie de  
máis de 1.000  
metros cadrados





# “Loitei por ser considerada unha persoa, cunha limitación, pero unha persoa”

Marisol Bravos presentou o seu libro ‘Unha historia de superación’ na Biblioteca Pública de Lugo

Por Jessica Fernández

A luguesa Marisol Bravos presentou o seu libro *Unha historia de superación* na Biblioteca Pública de Lugo, un acto no que estivo acompañada de Valentín García, secretario xeral da Lingua; Pepe V. Peinó, escritor; Xulio Xiz, xornalista; e Isabel Pérez, directora da Biblioteca

‘Unha historia de superación’ é un libro autobiográfico no que a escritora conta o seu percorrido vital, marcado polas trabas dun mundo discriminatorio no que a autora subliña o seu “carácter e ganas de vivir” para poder facerle fronte.

Marisol Bravos conta que aos 3 anos sufriu a enfermidade viral poliomiélitis, máis coñecida como polio, que se estendeu por España nos anos 50 e 60, cando empezou a chegar turismo a España. A súa vez, Bravos sostén que, “ademais de infectarnos de polio, fomos vítimas do silencio do franquismo, xa que se escondeu esta pandemia para que non afectara ao turismo”, explica. Así, di que nesta obra conta a súa historia, manchada pola discriminación aos “nenos da polio”, “non para remover o pasado,

senón para dar a información necesaria e que iso non se repita”, incide. Por outra banda, destaca que, co apoio da súa familia e o seu carácter positivo, foi abrindo portas tanto para ela mesma como para persoas coa mesma enfermidade.

“Nós eramos subnormais, eu teño o certificado de subnormal porque camiñaba con dous bastóns. Non había para nós o concepto de persoa, nós estabamos por debaixo do que era ser normal. Eu non entendía por que nos trataban así e ata moi pouco seguíamos sendo considerados como “diminuídos” na Constitución. Eu loitei por ser considerada unha persoa, con discapacidade, pero unha persoa. Somos diversos e temos que ter recoñecida unha dignidade”, defende. Ademais, engade que “se ti e eu imos dar agora unha volta pola muralla, eu irei en cadeira de rodas e ti irás andando, facemos o mesmo pero de maneiras diferentes. Non ten sentido que nos cualifiquen de “diminuídos”, é resaltar a miña limitación como o que me define, e eu son moitas máis cousas que unha limitación. Tiven pro-



blemas para ir ao colexio e durante toda a miña vida, por iso digo que fun abrindo portas. A pesar de todo, conseguín estudar Maxisterio e fun profesora no ensino público durante 37 anos”, argumenta.

**VIVIR CO ESTIGMA.** Marisol Bravos conta que desde pequena tivo que convivir co estigma. “Cando me tocou ir á escola, a profesora díxolle a meus pais que “a onde ían con esa pequena”, ao que meu pai contestoulle: “é que non teño outra”. Ese é o resumo da miña infancia, xa que meus pais tiveron que ensinarme na casa a ler e escribir. Eu son o que son grazas á familia que tiven, que sempre me apoiou. Así, aos 11 anos marchei ao instituto de Lugo a estudar, porque a min gustábame estudar. Alí, daban por feito que non chegaría a nada cos bastóns. Pero fixen bacharelato de ciencias e con boas notas, aínda que me puxeron que estaba capacitada para as letras no momento de elixir unha carreira de estudos. Nesa época as mulleres non estudaban ciencias e menos se tiñan bastóns. Cando empecei Maxisterio, case me mandan para a casa porque non fixera ximnasia no bacharelato,

pero loitei e conseguín que me concederan a exención de ter cursado a ximnasia práctica. Loitei moito por conseguir o que me parecía xusto”, destaca.

Así, outra das conquistas na vida de Marisol foi sacarse o carné de conducir. “Para min foi o cambio máis significativo da miña vida porque o coche adaptado converteuse nas miñas pernas, coas que percorrín diferentes municipios para traballar de mestra”, argumenta. Porén e, a pesar de todo, lembra como a xente lle dicía a súa nai cando a vían que “que nai máis bonita, pero que pena o que lle pasou, oxalá Deus cha levára”. Así, Marisol víase “igual ca outras nenas da clase, pero a xente só vía que levaba dous bastóns, por iso sempre fun independente e autónoma, encargueime das miñas cousas e demostreilles aos demais que era unha persoa normal, pero cunha limitación. Eu non podía cambiar as circunstancias do meu redor, de como me vía a xente, pero cambiei eu a forma de tomalas e o meu carácter vital axudoume moito. Sei que as persoas non dicían as cousas por mal, pero feríanme. A miña foi unha vida complicada, pero eu reafirmá-

bame no que quería conseguir”.

As necesidades das persoas con diversidade funcional hoxe

Na actualidade, o estigma segue a estar aí, tal e como indica Bravos, que recoñece que “eu vivín nos comezos e non nego a evolución, miro cara a atrás e agora todo é moito mellor; pero se miro cara adiante, si que vexo discriminación aínda que é máis sutil, pero existe. Non se pensa nas persoas coma min e segue a haber barreiras arquitectónicas nas cidades. Parece inconcebible que teñamos que loitar por unha rampla nos edificios e nas beirarrúas”, critica.

Por outra parte, recoñece que os edificios públicos de Lugo son accesibles, xa que hai unha ordenanza que aposta pola eliminación de barreiras arquitectónicas, pero sostén que “non se leva a cabo ao 100 %, porque existe lexislación, pero hai xente que non a cumpre. Non se debera licenciar de apertura a ningún negocio sen cumprir a ordenanza de accesibilidade”. Así, comenta que a súa enfermidade ten unha segunda fase, o síndrome post-polio, que afecta ás persoas infectadas da polio e que produce un debilitamento nos músculos que se viron afectados pola infección de polio, polo que “agora trasladome en cadeira de rodas para protexer as mans e necesito máis lugares accesibles. Por exemplo, no lugar onde vou presentar o libro, a biblioteca pública, antes non tiña unha rampla ao escenario. Temos que ir traballando e dando pasos para promover a accesibilidade”.

Para conseguir unha inclusión real, aconsella, “deberían eliminarse todas as barreiras arquitectónicas, que ademais son fáciles de eliminar porque é facer unha rampla ou facer unha porta máis grande, supón incremento de reforma, pero é algo físico”. E, por outra parte, pon o foco na educación: “Eu dei clase 37 anos e sigo reivindicando unha escolarización dos nenos con minusvalía e unha educación de calidade con todos os medios que necesiten para abrílles as portas a esas persoas no futuro. Hai que inculcar a inclusión na educación e facer unha escola e sociedade solidaria”, conclúe.

## O Concello e Cogami analizan as necesidades en accesibilidade

Rubén Arroxo mantivo unha xuntanza xunto con integrantes de Cogami para analizar as necesidades da cidade en canto a accesibilidade.

Arroxo destacou que “nos últimos anos, desde as áreas da Tenencia de Alcaldía traballamos para construír unha cidade amable coas persoas baseada nunha mobilidade alternativa que permita ás veciñas e veciños deixar o coche na casa”, e engadiu “neste proceso é preciso facilitar ao

máximo a accesibilidade á persoas con problemas de mobilidade”.

Rubén Arroxo afirmou que “é necesario continuar a traballar por un concello inclusivo, no que todas as persoas teñan unha vida o máis normal posible, independentemente das súas capacidades físicas”, e puxo en valor o traballo executado pola Tenencia de Alcaldía.

“Na planificación da cidade sempre temos en conta cuestións importan-

tes para toda a veciñanza de Lugo, entre estas cuestións destacan a accesibilidade e a perspectiva de xénero para facer de Lugo un lugar amable e accesible”, explicou Arroxo. Destacou a importancia de traballar pola accesibilidade en todos os eidos. Neste sentido, amosou o seu apoio á campaña que está a levar adiante COGAMI reclamando maior accesibilidade no transporte público interurbano.

TENEMOS MENÚS DE  
NAVIDAD Y FIN DE AÑO  
PARA EMPRESAS Y  
COMIDAS FAMILIARES

TELÉFONO: 982247076  
EMAIL: GALORECATELO@GMAIL.COM

@GALORECATELO

GA  
LO



# Recoñecemento á figura de Castelao como primeiro presidente

A Corporación Municipal de Lugo recoñece a figura de Castelao como primeiro presidente galego despois de chegar a un acordo unánime no Parlamento Galego, no que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao foi recoñecido como presidente do Consello da Galicia dentro do marco da celebración do 80 aniversario do propio Consello da Galicia.

Unha proclamación e un recoñecemento que chegan a raíz do Manifesto para que Castelao pola súa condición de presidente do Consello sexa proclamado como primeiro presidente da Galicia.

A iniciativa partiu do Partido Galeguista (PG) co aval e apoio de varias entidades e asociacións da



emigración e do exilio, como a Federación de Entidades Galegas de Argentina, o Centro Galicia de Bos Aires ou o Centro Betanzos, entre outros; así como a Fundación Ro-

salía de Castro.

Esta petición foi trasladada aos grupos parlamentarios (PP, BNG, PSdeG e Mixto), que deron o seu visto e prace á mesma.

## Ponse en marcha unha nova campaña contra os estornións

O Goberno puxo en marcha unha nova campaña de control de estornións, co obxectivo de reducir os efectos que estas aves ocasionan na contorna debido á súa concentración masiva en certos puntos da cidade. A campaña céntrase na aplicación de técnicas especializadas, tales como sistemas de alarma fixos e móbiles, voos de intimidación de aves rapaces adestradas, así como outras metodoloxías que variarán segundo as necesidades do servizo. Estas intervencións, tal como sinala o prego técnico do contrato, están deseñadas para afectar unicamente á especie diana, o estornión pinto e outras aves da mesma familia, sen causarlles ningún tipo de dano físico. A presenza masiva destes paxaros en Lugo vén motivada polos seus movementos migratorios naturais.

## O PP ve “abandono en áreas como Xuventude”

O PP critica o “abandono de áreas como Xuventude” por parte do Goberno local. “Mentres PSOE e BNG pagan festas como a celebrada no CEI Nodus, gastando diñeiro en eventos para si mesmos, abandona outras áreas como Xuventude, que carece do persoal e dos medios necesarios para funcionar dignamente”, sostén Javier Vázquez.

Un exemplo deste “abandono” é o estado no que se atopan as oficinas de Xuventude no edificio Uxío Novoneyra, onde se xestiona un evento tan importante como o Arde Lucus. Estas instalacións “presentan teitos desconchados, humidades e goteiras cada vez que chove”.

“O máis preocupante é que esta situación non é nova. Desde o ano

2018 existe un proxecto de Evislusa para arranxar estas deficiencias. Con todo, pasaron xa seis anos sen que se destinase un só euro a esta reforma, a pesar de que o Concello contou con 52 millóns de euros de remanentes, fondos que foron malgastados sen atender necesidades tan básicas como esta”, argumenta. Así, di que, o estado das oficinas de Xuventude “non só reflicte a deixadez do goberno local, senón tamén a súa falta de compromiso cun segmento de poboación clave para o desenvolvemento de Lugo”.

Ademais, din que o mesmo edificio alberga tamén as instalacións da Escola de Música, que presentan problemas similares, como pingueiras nas súas aulas.

### EN BREVE



**HUMANIDADES.** Hai trinta anos botaba a andar a Licenciatura en Humanidades no Colexio Universitario de Lugo e hai xa vinte e cinco anos, no ano 1999, remataron a titulación os primeiros alumnos e alumnas da segunda promoción. Para conmemorar estas dúas efemérides e homenaxear a estes “pioneiros e pioneiras humanistas”, celebrouse un acto na Facultade de Humanidades no que se xuntaron preto de medio cento de antigos alumnos.



**LOITA CONTRA O CANCRO.** Lugo acolleu a Cea Benéfica da Asociación Española Contra o Cancro na que se despediu á presidenta da Asociación na provincia de Lugo, María Luz Abella, e o seu Consello Provincial. Na cea contou coa presenza de institucións, empresas, asociacións, socios, voluntarios e sociedade lucense; que quixeron acompañarnos neste día tan especial e importante para a Xunta Provincial de Lugo.



**MEDALLA.** O xefe da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) en Lugo, Gerardo Pallares, recibiu a Medalla ao Mérito Colexial que lle concedeu o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia. Foi o propio presidente da Xunta, Alfonso Rueda, quen lle entregou a medalla en recoñecemento do seu traballo

**HERMANOS CASTEDO**

**SERVICIOS**

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo  
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com



## O Goberno local crea un novo modelo para a concesión de achegas

O Concello aprobou na Xunta de Goberno local un novo modelo de concesión de subvencións nominativas a asociacións co obxectivo de aportar máis axilidade na tramitación das achegas e simplificar trámites administrativos, “o que repercutirá de xeito positivo no tecido asociativo da cidade e incentivará a súa capacidade de traballo en prol da comunidade nos seus diferentes eidos de actuación”, explican desde o Goberno local.

A alcaldesa valorou positivamente o modelo normalizado de convenio, que “redundará nunha tramitación máis áxil das subvencións previstas no orzamento municipal con repercusión tanto nas axudas actuais como nas dos vindeiros exercicios. Con este tipo de acordo imos canalizar dunha forma máis rápida e efectiva as subvencións previstas nas contas municipais”.

Trala valoración deste novo modelo por parte dos servizos municipais de Fomento, Asesoría Xurídica e Intervención, deuse o visto bo a esta nova opción de convenio, no que se prevé, ademais, un pagamento anticipado do 50 por cento do importe da subvención en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación. Esta tramitase no momento da sinatura do convenio por ambas partes, sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

Ademais, o novo modelo do Concello de Lugo establece, a efectos de execución, delegar nos distintos concelleiros das área implicadas as atribucións correspondentes á aprobación dos convenios reguladores das subvencións, o que achegará dinamismo a todo o procedemento burocrático e acurtará prazos na concesión e pagamento destas subvencións.

## O CEI celebrou o 20 aniversario da súa posta en marcha en Garabolos

O Centro de Empresas e Innovación do Concello (CEI-Nodus) celebrou unha festa con motivo do seu 20 aniversario.

Con vinte anos de traxectoria, o CEI-Nodus destaca como un referente no fomento de novas empresas en Lugo. O centro púxose en marcha en novembro de 2004 e conta con 23 espazos para o desenvolvemento da súa actividade por empresas de nova creación, 5 talleres, 2 laboratorios e 16 locais. Tamén conta cun espazo dividido en 5 compartimentos para Semilleiro e un espazo Coworking.

“Celebramos con orgullo o 20 aniversario do noso Centro de Empresas e Innovación, un espazo motor de emprendemento, creatividade e desenvolvemento económico na nosa cidade”, subliñou a rexedora, quen felicitou a todo o persoal que, “co seu esforzo e dedicación, fixo posible que este proxecto se consolidara como un referente para as empresas



de Lugo”. “Grazas ao voso compromiso, moitas ideas convertéronse en realidade que xeraron emprego e riqueza”, apuntou.

Alvarellos lembrou que “o CEI-Nodus é unha clara mostra da aposta do goberno municipal polo fomento da innovación e a cultura emprendedora en Lugo, pois baixo o seu paraugas, xa se desenvolveron máis dun centenar de empresas na cidade, eleván-

dose a porcentaxe de supervivencia das mesmas por riba dun 75 %”.

“Ademais, tamén supuxo a xeración de máis de 300 postos de traballo directos no municipio”, explicou a rexedora quen destacou que “o CEI-Nodus permiten poñer o foco en iniciativas locais, apoiando o talento lucense e xerando un desenvolvemento económico para a cidade de Lugo e para toda a comunidade”.

## O PP levará á Valedora a “falta de transparencia na xestión do Concello”

O Grupo Municipal Popular anunciou que pedirá unha reunión coa Valedora do Pobo para abordar a “preocupante falta de transparencia no Concello de Lugo”.

Mar Carballas afirmou que “un goberno responsable debe render contas, facilitar o diálogo e actuar con rigor. Lugo merece unha xestión seria e transparente” e reflexionaba sobre as trabas que ten o Partido Popular á hora de acceder a expedientes.

Así, explicou “as reiteracións continuas de peticións de documentación; os incumprimentos na publicación de contratos menores ou a negativa a compartir información de asuntos moi importantes para o desenvolvemento da cidade”.

Das 96 solicitudes de petición de información rexistradas dende setembro ata a actualidade, 50 delas non se atenderon en prazo o que supón que nunha porcentaxe de 52,08 % non se facilita a documentación nos 5 días de prazo que teñen por normativa (ROMP - Regulamento orgánico municipal).

Desde o mes de marzo, “o goberno local non publica os contratos menores no portal municipal, incumprindo a obriga de facelo trimestralmente segundo a normativa vixente”, explican os populares.



**OBRADOIRO.** O alumnado que completou o obradoiro de emprego dual ArquivaLugo recibiu os seus diplomas. O obradoiro, que se desenvolveu durante o último ano contou con tres especialidades: Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos; Confección e publicación de páxinas web; e Deseño de produtos gráficos.

*¡Somos artesanos!*

Pan artesano 100% con masa madre

*Melero Propio*

PANADERIA · PASTELERIA

**O PAN DO PAÍS**

CAFETERIA

☎ 982 24 02 35

**Marfer**  
INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

KYOCERA Distribuidor Autorizado

EPSON

OKI

EXIT ERP SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

red.es KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084  
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



# “Recomendamos para fin de exercicio unha verificación das contabilidades”

O despacho Mateo y Sánchez Asesores nace a finais dos anos 70, coa finalidade de ofrecer un servizo especializado e de alto valor no asesoramento fiscal e contable ás empresas da cidade de Lugo

## Que ofrece o negocio?

Os nosos servizos abarcan todas as necesidades de xestión fiscal, contable, laboral e xurídica, dedicámonos a que o empresario se dedique á súa empresa e non teña que preocuparse destas tarefas para que o seu negocio creza; que non estea preocupado pola burocracia para dedicarse ao que sabe facer. Ofrecemos servizos especializados e de alto valor de asesoramento fiscal e contable ás empresas e aos empresarios, e de asesoramento laboral e legal, para pechar o círculo das necesidades das empresas. O noso servizo baséase en optimizar os recursos dos que dispoñen as empresas, polo que a optimización fiscal é moi importante para moitas PEMES que contan con recursos limitados. Cada vez hai máis impostos e máis complicados na súa xestión, polo que contar cun bo asesoramento é capital para o bo funcionamento da empresa. Por exemplo, vai implantarse a factura electrónica, e moitas empresas non están preparadas para iso, polo que o noso servizo sería axudarlles a implantalo, e que o poidan ver como unha vantaxe. Nós tamén somos empresarios, e sabemos o difícil que é atender a todo, con normas continuamente cambiantes e impostos e obrigacións crecentes, polo que o noso servizo é facerlles a vida máis fácil.

## Como axudan no aforro fiscal das empresas?

A planificación fiscal é clave para o aforro fiscal, nós enfocámonos en planificar durante o ano en base á actividade da empresa, para que unha vez chegado o peche fiscal non haxa imprevistos; é dicir, non existe



unha estratexia única que valla para todas as empresas, senón que o asesoramento e a planificación son únicas e personalizadas para cada empresa. Cada unha necesita un estudo especializado e o coñecemento do seu negocio para que adaptemos a planificación para poder obter un aforro.

## Como orientan aos autónomos para poñer en marcha unha empresa?

Esa é unha das decisións máis difíciles que se toma na vida, pero quizais sexa tamén una das máis gratificantes, pola liberdade que se obtén e o orgullo do traballo conseguido. Cando unha persoa acode a nós cunha idea de negocio, o primeiro é ver a forma xurídica que máis lle convén. A partir de aí, verificamos as obrigacións que pode ter, o réxime fiscal que tería e axudámoslle co Plan de Negocio, ou mesmo a procura de financiamento cando é necesario. É unha parte moi gratificante do traballo axudar aos autónomos e ver como crecen os seus negocios,

adaptándoos ás necesidades que vaian tendo.

## Por que é interesante protexer o patrimonio persoal do risco da empresa?

Cando un empresario comeza o seu negocio, é moi común confundir o patrimonio persoal co empresarial -ás veces non queda outra porque o negocio necesita achegas constantes de aforro previo ou mesmo os bens persoais-; pero é perigoso continuar esa dinámica cando o negocio crece ou pasan os anos. É necesario poñer en marcha unha estratexia de protección do patrimonio persoal e separalo do risco da empresa porque poden vir momentos complicados, falta de pagamentos de clientes, accidentes de empregados que supoñan indemnizacións ou negocios que non resultan como se esperaba. Neses casos, sen unha estratexia adecuada existe o risco de perder non só o negocio, senón o aforro persoal e o patrimonio. Así, axudamos a estruturar o patrimonio dos empre-

sarios para os casos de insolvencias sobrevindas, que ás veces son inevitables ou situacións imprevistas que abocan ao peche. Isto é igualmente interesante na planificación da xubilación do empresario e en dar paso a novas xeracións, xa que se temos o noso patrimonio mesturado sen planificación, dificultase ese paso.

## É importante o acompañamento, é dicir, a confianza que se xera co cliente?

Para nós é básico coñecer o negocio do cliente, a súa situación persoal e mesmo a súa forma de ver a vida, as súas expectativas etc. Isto fai que co tempo se xeren situacións de verdadeira amizade cos clientes, debido a que como asesor, ás veces es case un confidente ou a persoa en que confían antes de dar un paso importante. É unha gran responsabilidade, pero é unha gran honra cando un cliente confía no teu consello para tomar decisións importantes na súa vida.

## De cara a final do ano 2024 e do 2025, que recomentan aos seus clientes?

Esta é a época máis importante do ano para a planificación dun posible aforro fiscal. Debería ser unha época de confirmar o que se fixo durante o ano, aínda que hai tempo e marxe de mellorar ata final de ano, e sobre todo de ver posibles riscos a evitar no seguinte. O que recomendamos para fin de exercicio é unha verificación das contabilidades para detectar inconsistencias, erros contables, discrepancias entre os modelos presentados e a contabilidade; e por suposto ver a aplicación de beneficios, reclasificacións ou axustes que permitan algún aforro.

## CCOO no Concello de Lugo denuncia a privatización de servizos municipais

A sección sindical de CCOO no Concello de Lugo denuncia a privatización de servizos municipais “en lugar de reforzar o sector público”.

Deste xeito, o sindicato expresa o seu rexeitamento da decisión da xunta de goberno local de contratar un servizo especializado para a reparación de avarías e apoio na rede de abastecemento e saneamento de auga cun orzamento de 423.500 euros anuais, que poderían superar os 700.000 en caso de prórroga.

CCOO ve “insólito que un goberno que presume de esquerdas e compromiso social destine case medio millón de euros para encomendarlle a unha empresa privada a prestación dun servizo público. Estamos a falar de máis de 423.500 euros anuais que, ben xestionados en persoal municipal, dan para contar cunha brigada municipal importante e que podería realizar eses traballos”.

Ante as afirmacións por parte do Goberno local de que o contrato “permitirá reforzar o mantemento de infraestruturas críticas e garantir unha resposta rápida e eficiente ante posibles incidencias”, a sección sindical e CCOO ponon en dúbida. “A brigada municipal funcionou ben durante moito tempo, xusto ata que hai uns anos se comezaron a encargar actuacións a operarios alleos ao Concello. Esa experiencia proba que a externalización non redundou nun mellor funcionamento; ao contrario, o abastecemento de auga empeorou e o custo foi considerablemente superior”, explican.

Así, denuncian “a inacción do Concello en relación á brigada de augas”, que xa foi denunciada a comezos do verán. O sindicato sinalaba que a falta de persoal impedía o normal funcionamento e facía que estivese inoperativa fins de semana e festivos.



*Clínica dental  
Mosquera Otero*





Regist. Sanitario: C27-001319

- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

Te damos  
una razón  
**PARA SONREIR**

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es



## O Concello aprobará unhas bolsas municipais ao talento deportivo

O Concello de Lugo aprobará en Xunta de Goberno Local unha nova edición das Bolsas Municipais ao Talento Deportivo, que contará cunha dotación de 26.000 euros.

Estas axudas están orientadas a recoñecer o mérito e a superación das e dos deportistas máis novos, que coa súa dedicación e esforzo contribúen a proxectar valores positivos na sociedade.

“Estas bolsas buscan apoiar á mocidade deportista lucense que, ademais de destacar no ámbito deportivo, transmite unha mensaxe de superación que resulta inspiradora para toda a sociedade”, explicou o edil de Deportes, Jorge Bustos.

O edil Jorge Bustos avanzou que poderán optar a estas axudas as persoas federadas que naceran entre os anos 2005 e 2010, sen límite de idade no caso de deportistas con diversidade funcional, e que destacaran pola súa participación en eventos deportivos a nivel autonómico ou nacional durante o ano 2023.

“Queremos facilitar que as e os mozos deportistas poidan seguir desenvolvendo o seu talento sen renunciar ao reforzo académico que necesitan para o seu futuro”, indicou o responsable de Deportes, quen tamén destacou que “o compromiso do Goberno local é garantir as condicións necesarias para que as novas xeracións sigan alcanzando os seus soños”.

Entre os criterios de avaliación, valoráranse os méritos acadados en campionatos de España (do 1º ao 8º posto) e de Galicia (do 1º ao 3º posto), así como a superación do curso académico 2022/2023.

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación da convocatoria no BOE.

# “A diferenza é que facemos un produto como se facía antes, con máis calidade”

**Manuel Chousa Maciñeiras, xerente e promotor da empresa O Pan do País, que ten un muíño onde fan pan**

## Como xorde o negocio do Pan do País?

O Pan do País xurdiu arredor do ano 2003 pola decisión dun grupo de amigos que decidiron montar un local de hostalería ao que incorporaron a parte de panadería de forma artesanal, promovendo a elaboración do pan do país de Galicia.

## Como foi a evolución do comercio?

Ao principio é difícil, como todo. Primeiro puxemos en marcha o local en Fontiñas, que segue aberto, e pouco a pouco fomos montando outros. Na actualidade contamos con tres locais: ademais do de Fontiñas 105, temos a Cafetería As Gándaras, onde temos despacho de panadería e agora incorporamos o Mamá Lisa fronte á residencia das Gándaras, que reformamos o local para facelo unha hamburguesería e cervexería.

Ademais, tamén temos un lugar onde facemos o noso pan e as empanadas, que é a Panadería Muíño de Castelo, que se atopa en Guntín, onde elaboramos o noso pan do país de maneira artesanal e onde temos proxectado no futuro facer visitas para as persoas interesadas en ver non só o muíño, senón tamén o proceso de elaboración do pan no noso forno de leña e de maneira tradicional, como o facían os nosos avós.

## Que produtos ofrecen?

O pan do país, pan de mestura, barra artesá, empanadas e ademais temos pastelería, que non é de fabricación nosa, pero tamén ofrecemos. Facemos encargos de todo tipo para as persoas que o requiran ou entidades. Ademais, nos locais temos servizo de panadería, agás



en Mamá Lisa, que por agora non incorporamos despacho de panadería, pero é a intención futura.

## Que ten de especial o pan do país con respecto a outros?

O pan do país, a diferenza é que facemos un produto como se facía

en Mamá Lisa, que por agora non incorporamos despacho de panadería, pero é a intención futura. O pan do país, a diferenza é que facemos un produto como se facía antigamente. Pan en Lugo haino bo, pero nós procuramos facelo como se facía antigamente, con máis calidade, procurando traba-

## Como é o trato co cliente?

Nós temos un cliente moi fiel, que é de todos os días. Non é xa incluso un cliente, é un amigo co que xa tes confianza e sabes o que quere, o que necesita e canto. Hai unha confianza total da xente que coñecemos que quere o noso pan e iso,

ademais de mostrar a calidade do noso produto, indica que está contento co trato que se lle dá.

## Como é o traballo?

Nós agora na empresa temos 24 persoas traballando. Os horarios dependen de cada local e na panadería trabállase de 23.00 a 04.00 horas. O que para nós é importante é que a xente que traballa aquí estea contenta, porque son, en xeral, traballadores de moitos anos cos que temos boa relación e os coidamos, xa que a situación no sector tampouco é boa e é difícil atopar nova man de obra.

## Cales son, entón, as necesidades actuais?

O gran problema que temos todos os hostaleiros é persoal, non xa porque estean cualificados, senón simplemente que veñan con ganas de traballar. Nós temos sorte porque mantemos aos nosos traballadores desde hai moitos anos, pero tamén somos conscientes de que as condicións que ofrecemos son boas. Ninguén pasa das 7 horas traballando e coidamos que estean contentos e cómodos na empresa.

## Teñen en mente algún proxecto de futuro?

Ademais das visitas á panadería Muíño de Castelo, tamén pensamos en engadir algún produto, como algún alimento distinto para facer as empanadas tradicionais. Estamos experimentando para poder sacar ao mercado máis. Con respecto a máis locais, aínda non pensamos niso. Eu xa teño unha idade e non quero meterme en máis cousas, non sei se, incluso, a miña filla, quererá seguir co proxecto da empresa.

**“Nós temos un cliente moi fiel, que é de todos os días. É un amigo co que xa tes confianza e sabes o que quere, o que necesita e canto”**

antigamente. Pan en Lugo haino bo, pero nós procuramos facelo como se facía antigamente, con máis calidade, procurando traba-

**erika pilates center**

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto  
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo  
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es  
[www.erikapilates.es](http://www.erikapilates.es)

**SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...**

**LEYDAK COCINAS**

MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA  
MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS  
ELECTRODOMÉSTICOS  
REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA  
INTERIORISMO Y DECORACIÓN

**VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!**

Rúa da Liberdade 88, baixo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335





Por Lugo:

# VAI EN BUS



Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

[urbanoslugo.com](http://urbanoslugo.com)

#activandolugo





## Impulsan un novo plan de melloras de estradas

A Área de Cohesión Territorial do Concello de Lugo impulsa un novo plan de melloras en varias estradas municipais da contorna rural, unha intervención que sae a licitación e permitirá acondicionar vías clave, asegurando un tránsito máis seguro e cómodo para a veciñanza.

A execución dos traballos está prevista para a próxima primavera, cando as condicións meteorolóxicas sexan máis axeitadas para poder levarlos a cabo.

O proxecto contempla actuacións específicas nas parroquias de Tirimol, Vilachá de Mera, Calde, San Xoán Alto, Santa Comba, San André de Castro e San Xoán de Pena, cun investimento total de 367.894,45 euros.

En Tirimol, realizarase o acondicionamento e mellora da estrada na Brea, mentres que en Vilachá de Mera, a intervención centrarase na estrada en Liñar.

Así mesmo, en Calde, as obras terán lugar nas proximidades do Centro Social, favorecendo o acceso a este espazo comunitario.

Na parroquia de San Xoán Alto, acometerase a mellora da estrada de acceso a Abelairas, unha vía de

gran importancia para a mobilidade dos residente

En Santa Comba, mellorarase o acceso en Pacios, facilitando o tránsito en áreas onde o firme actual presenta un desgaste manifesto.

As intervencións en San André de Castro e San Xoán de Pena incluírán varias melloras clave. En San André de Castro, a actuación terá lugar detrás da Fortaleza, mentres que en San Xoán de Pena se acondicionarán as estradas nas proximidades da igrexa e do colexio de Nadela, así como o acceso á urbanización nesta mesma área.

**CACABELOS.** Ademais, comunicou o remate de dúas actuacións na rede viaria rural no núcleo de Cabelos (Mazoi) e no acceso aos Lagos de Teixeira.

A primeira das actuacións, en Cabelos (Mazoi), consistiu na mellora do firme dunha estrada mediante pavimentación con materiais de alta resistencia.

Por outra banda, acometeuse o acondicionamento do acceso municipal aos Lagos de Teixeira, unha área recreativa de gran valor natural e histórico.

## O Goberno local reúnese coa veciñanza do barrio de Galegos

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, e o concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas, mantiveron unha reunión coa Asociación Veciñal do barrio de Galegos para analizar as necesidades e propostas de mellora nas infraestruturas e a seguridade do barrio.

Durante a xuntanza, destacaron os avances realizados dende a concellería de Infraestruturas, entre os que se inclúen a repavimentación de varias rúas que se atopaban en mal estado, así como a renovación do alumeadado público a LED, que mellorou a eficiencia enerxética e a iluminación das vías.

Os veciños e veciñas de Galegos tamén trasladaron varias solicitudes, especialmente en relación á mellora da seguridade viaria. “Un dos temas centrais foi a preocupación pola seguridade no barrio, dado que é unha



zona con moito tráfico, especialmente polo acceso directo ao HULA”, explicou Arroxo.

A veciñanza solicitou melloras no calmado do tráfico, así como a creación de sendas peonís para garantir a seguridade dos peóns. Tamén se realizaron peticións de mellora nas cunetas, que presentan un perigo debido á súa profundidade, e o au-

mento do ancho dalgunhas calzadas para mellorar a circulación.

“As solicitudes feitas pola veciñanza son totalmente xustas, e imos levar a cabo todas aquelas que sexan viables. Estamos comprometidos co desenvolvemento e mellora de todos os barrios de Lugo, e Galegos non será unha excepción”, asegurou o tenente alcalde.

## A Deputación investirá na estrada que une Lugo co concello do Corgo

A Deputación licitou investimentos por máis de 1,1 millóns de euros para continuar mellorando as estradas provinciais, impulsar infraestruturas, servizos públicos e equipamentos en 11 concellos e entidades.

Entre os concellos de Lugo e O Corgo, a institución provincial acondicionará preto de 6 quilómetros da LU-P-2904, que comunica parroquia lucense de Conturiz co Concello do Páramo. O prezo de licitación é de case 267.000 euros e as obras, que

se estenderán desde o quilómetro 3,717 ata o 9, incluírán limpeza de cunetas, drenaxe, pavimentación e sinalización, cun prazo de execución de dous meses. Esta estrada é “clave”, en palabras de García Porto, porque dá servizo directo a cinco parroquias: Santo André de Castro e San Xoán de Pena, en Lugo; e Chamoso, Paradela e Quinte, no Corgo. Así mesmo, dá acceso a rutas de sendeirismo, e soporta un alto volume de tráfico agrícola, o que provoca un

importante desgaste.

En Portomarín, acondicionará un tramo de dous quilómetros da LU-P-4901, que é a que conecta a aldea de Camporredondo coa parroquia de Castromaior, por Nespereira. O prezo de licitación é de preto de 64.000 euros e o proxecto inclúe a reapertura de cunetas e a reparación do pavimento. Os traballos serán desde o inicio da vía ata o punto quilométrico 2,022 e terán un prazo de execución de 2 meses desde o inicio das obras.

**TEMPADA DO COCIDO DA FONSGRADA**

**OS MELLORES PRODUCTOS DA FONSGRADA**

Lacón, Cachola, Soá, Butelo, Grelas, Chorizos, Garavanzos e Patacas

III FAI XA A TOA RESERVA IIII

982 22 78 02

**Lubre**  
mesón - viñoteca

**XUVENLUGO**

9€

**Horario de 16:30 a 20:30**

**DATAS DE APERTURA**

- DECEMBRO DE 2024: 5-8, 13-15, 20-23 e 25-30.
- XANEIRO DE 2025: 1-4

Servizo de cafetería e festas de aniversario. \*Bono grupo 10 persoas 10€ (válido para un só día)



## Veciños de Coeses concentráronse de novo á entrada do Pleno

Rubén Arroxo afirmou ante as veciñas e veciños de Coeses concentrados diante do Concello que o BNG seguirá a traballar “para parar o proxecto de planta de biometano sen que cause problemas a ningún veciño”. O BNG defendeu que a mellor opción é paralizar este proxecto, e criticou que o Partido Popular defenda un traslado de localización da planta, “isto sería quitar o problema dunha zona para crearllo a outros veciños”, afirmou Arroxo.

O BNG defende que a Xunta debe retirar a clasificación de iniciativa empresarial prioritaria á planta de biometanización de proxectada en Coeses. Arroxo explicou que esta declaración permite “reducir á metade os trámites administrativos necesarios para a construción desta planta, trámites como a Avaliación de Impacto Ambiental faranse pola vía



rápida se a Xunta mantén esta declaración”, e engadiu “isto fíxose aínda cun proxecto que recoñece que emitirá cheiros e gases contaminantes á veciñanza da contorna”.

A empresa recoñece no seu proxecto para a construción da planta que emitirá cheiros e gases contaminantes e a vertedura de 76,7 m<sup>3</sup> de au-

gas residuais ao regato de Vilalbite con posterior desprazamento ao río Miño. O tratamento destas augas foi considerado ineficiente por parte da CHMS, o que fixo que este proxecto fose informado desfavorablemente dado que este regato conta con pouco caudal de auga, especialmente nos meses estivais.

## A CHMS traballa nos ríos Cabe, Enviande, Miño, Anllo e rego do Piñeiro

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) continúa traballando na limpeza de leitos e marxes dos ríos de Lugo. Así, 6 brigadas compostas por 5 operarios especializados cada unha, traballaron, ademais de en Lugo, nos municipios de Monforte, Chantada, A Pastoriza, Meira e Cospeito, nos ríos Cabe, Enviande, Miño, Anllo e rego do Piñeiro, co interese de mellorar a súa capacidade hidráulica e a composición da vexetación de ribeira.

“Traballo motivados pola importante presenza de madeiras e árbores con estabilidade comprometida sobre ambas as marxes e de residuos sólidos urbanos” explicou José Antonio Quiroga, presidente do Organismo.

Procédeuse á retirada de árbores secas, en pé e derrubados e á elimi-

nación de tapóns e residuos sólidos urbanos que puidesen obstaculizar o paso de auga.

Así mesmo, realízanse rozas selectivas de matogueira perimetral, poda e clareo de ramas baixas, co obxectivo de mellorar a composición da vexetación de ribeira.

E por outra banda, a brigada de intervención puntual, retira madeiras e árbores caídas en distintas localizacións dos ríos Neira, Chamoso, Ladra e Parga.

Estes traballos execútanse de forma manual nas ribeiras e con apoio de maquinaria (tráctel) para retirar as madeiras situadas dentro do propio leito. No caso de curtas de amieiros, aplícanse as medidas ou recomendacións profilácticas co obxecto de evitar a propagación de *Phytophthora alni*.

## Concello e PP en desacordo sobre o plan para mellora da cobertura móbil

O Concello de Lugo, a través da Área de Cohesión Territorial, avanza no plan para mellorar a cobertura móbil en diversas parroquias do oeste.

Dentro deste plan, finalizou os traballos previos para que Amtega instale inmediatamente unha antena en San Pedro de Mera, e completou a cesión dos terreos para a colocación doutras dúas en Santa María Alta e Gondar, un proxecto que mellorará o acceso a servizos de voz e datos en nestas parroquias, así como en Poutomillos, Bacurín, Romeán, Santa Eulalia de Bóveda, Bascuas, e outros núcleos como Piñeiro, Outeiro,

Camoira, Adai, Torible e Vilachá de Mera.

As tres torres de telefonía móbil serán instaladas en terreos cedidos polo Concello de Lugo a custo cero, en virtude da addenda ao convenio marco suscrito en 2019 entre Amtega e Fegamp para a mellora das comunicacións móbiles no rural galego. O Concello de Lugo comprométese tamén a cubrir o exceso de financiamento das acometidas eléctricas que superen os 30.000 euros, garantindo que as instalacións dispoñan de suficiente potencia para prestar un servizo de telefonía móbil

de calidade.

Pola súa parte, o PP urxe ao Goberno local a que poña a disposición os terreos e axilizar a concesión das licenzas para instalar antenas que garantan a cobertura móbil de 15 núcleos da zona rural.

Os populares din que “Lugo leva dous anos perdidos para dar cobertura de telefonía móbil para 15 núcleos da zona rural”, un proxecto que se enmarca dentro do convenio asinado entre Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

## Esixen á Xunta dotación para o Corro do Mouro

A alcaldesa visitou o Corro do Mouro, o xacemento arqueolóxico situado na parroquia lucense de Adai, onde esixiu á Xunta unha maior dotación económica para investigar este xacemento funerario, datado nos anos finais da Idade de Bronce, e único en Galicia. Alvarellos Fondo visitou o denominado tamén como Roda de Adai da man da profesora de Arqueoloxía da USC, Pilar Prieto, que dirixe o equipo que está a levar a cabo ditas investigacións.

Para a rexedora “o potencial investigador do coñecido como O Castriión de Adai é excepcional”, polo que

considera que “é necesario que o Goberno autonómico incremente a súa asignación de fondos para investigar, recuperar e poñer en valor o noso patrimonio histórico-artístico”. Para o estudo adecuado deste xacemento e con iso arrojar máis luz sobre estes descubrimentos e a historia de Lugo “é imprescindible un compromiso maior por parte da administración autonómica, que permita seguir investigando neste conxunto arqueolóxico, ao tempo que se traballa para que logre a máxima protección”, sinalou Paula Alvarellos.



tienda@promedisa.com  
@PromedisaLugo  
Promedisa Ortopedia

**COMPRA ON LINE**



**FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE**  
**APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD**






**COMPRA ON LINE**

[www.promedisa.com](http://www.promedisa.com)

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715  
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374



## O BNG solicita a Correos unha oficina de atención ao público nas Gándaras

O BNG de Lugo presentou unha proposición ao vindeiro pleno municipal para reclamar a Correos que abra unha oficina de atención ao público no novo Centro Loxístico aberto no Parque Empresarial das Gándaras.

O portavoz do BNG no Concello, Rubén Arroxo, explicou que o BNG recolle “a proposta que xa foi trasladada en múltiples ocasións pola CIG-Correos á empresa pública, e que permitiría mellorar a calidade dun servizo público como o postal”.

O novo centro de Correos, que conta cunha superficie de 3.250 metros cadrados, leva en funcionamento desde o pasado 21 de outo-

bro concentrando a todas as unidades de reparto da empresa pública para a cidade de Lugo, incluíndo ás unidades de reparto da zona rural, paquetería de gran tamaño e notificacións.

“Non contar cunha oficina de Atención ao Público merma a calidade do servizo prestado por Correos, ao contar os parques empresariais do Ceao e As Gándaras con centos de traballadores e empresas que poderían recibir atención nesta localización, aumentando potencialmente a carteira de clientes de Correos, sendo moitas as empresas de ambos parques empresariais as que traballan con esta empresa”, sostén Arroxo.



## O PP pide atención ás demandas dos veciños da Ponte e unha beirarrúa en Virxe da Soidade

O PP de Lugo reclama que o Goberno local “traballe de xeito coordinado” para atender as necesidades dos veciños da Calzada da Ponte despois de manter unha reunión con eles e constatar que “se senten esquecidos e pensan que algunha das actuacións en materia de mobilidade que se acometeu é froito da improvisación”, din os populares.

Dende o PP “queremos facernos eco das reclamacións veciñais nesta rúa tan céntrica e importante da cidade, que están a sufrir as consecuencias de decisións pouco meditadas e razoadas por parte do goberno bipartito. Humanizar non é gastar en cambiar o pavimento. Trátase de deseñar a mobilidade dos espazos para unha boa convivencia e mellora da calidade da vida dos lucenses”, explican.

Así, opinan que a “mala planificación acaba tendo consecuencias negativas que intentan corrixir con im-

provisación, como a colocación dun bolardo para tentar atallar o tráfico nun extremo da calzada, o que provocou o aumento do tráfico na outra parte da rúa, que soamente é de acceso teórico para residentes, pero especialmente na hora de saída dos colexios, convértese nunha rúa con máis tráfico que nunca”, denuncian. Así, os populares reclaman que se adopten as medidas necesarias de control de tráfico nesta zona.

Por outra banda, o PP urxe a que se faga a beirarrúa da rúa Virxe da Soidade e propón reservar unha partida nos orzamentos de 2025, tras pedir información sobre a situación na que está a urbanización desta vía e cuxo proxecto encomendouse a Evislusa en 2017 por un importe de 3.500 euros.

“A parálise deste proxecto é un claro exemplo da ineficacia e a irresponsabilidade de PSOE e BNG”, dixo.

## Reclaman á Xunta unha partida para rehabilitar San Fernando

A alcaldesa, Paula Alvarellos, acompañada polo portavoz do PSdeG no Parlamento de Galicia, José Ramón Gómez Besteiro, a parlamentaria autonómica, Lara Méndez, así como por representantes da Plataforma Muro; anunciou que trasladou ao grupo parlamentario socialista unha emenda que será presentada polos seus compañeiros co obxectivo de que a Xunta inclúa nos Orzamentos de 2025 unha partida para rehabilitar o cuartel de San Fernando.

“Que Lugo sexa o referente galego e do noroeste español en conservación, investigación e divulgación do pasado romano é un proxecto de cidade que o Goberno local e a sociedade lucense consideramos irrenunciable e algo polo que levamos máis dunha década pelexando”, sinalou a rexedora. Así, esixiu un maior compromiso do Goberno autonómico co futuro Museo da Romanización.

Alvarellos Fondo destacou a proxección autonómica, nacional e internacional desta futura sede patrimonial á vez que puxo en valor as implicacións económicas e culturais que a súa posta en marcha tería non só



para Lugo, senón para toda Galicia. Precisamente por ese motivo, a alcaldesa lamentou que a Xunta se borraría desta iniciativa a pesar de ter comprometida formalmente a súa participación. “Ata o 2013, esta aspiración tamén foi un proxecto galego, e por tanto, compartido pola Xunta, a quen lle compete por lei salvagardar os restos arqueolóxicos”, lembrou a rexedora.

“Non debemos esquecer que actualmente máis de 15.000 pezas catalogadas que son da súa propiedade

e que agora, por responsabilidade, están custodiadas polo Concello e que son só unha parte das miles que se atopan dispersas en dependencias de distintas administracións ou mesmo en domicilios privados de arqueólogos. Testemuñas do noso pasado que precisan dun inventariado rigoroso e dun lugar de referencia para o seu estudo e exposición. Sen conservar o noso legado cultural é imposible construír un futuro no que todas e todos sintamos recoñecidos”, defendeu.



## Renovarase o asfalto da rúa Monte da Casilla

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, anunciou o inicio dos traballos de renovación da rúa Monte da Casilla. Arroxo anunciou que se realizará unha renovación integral do asfalto desta vía, “completando os traballos iniciados o ano pasado, cando renovamos integramente o alumeadado, instalando novas luminarias LED”.

A rúa Monte da Casilla parte da rúa dos Servizos e conta cunha lonxitude de 510 metros e presenta un firme cun estado deficiente, polo que é preciso realizar unha actuación de pavimentación integral para garantir unha axeitada funcionalidade da vía.

Levarase a cabo a limpeza de firme, cunetas e canais de drenaxe en toda a lonxitude da vía, e reconstruírse o firme en todo o seu espesor. Posteriormente instalárase unha nova capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará un selado do firme ante a acción da auga superficial e asegurará unha prolongada duración da actuación. Unha vez pavimentadas as vías, adaptaranse os rexistros e renovarase a totalidade da sinalización horizontal.

O Goberno de Lugo inviste 29.380,01 euros nesta intervención, que ten un prazo de execución de 5 semanas.

## Saqués anuncia que sairán a licitación as obras para a reforma do Anxo Carro

O presidente do Club Deportivo Lugo, Tino Saqués, falou da actualidade do club e dos equipos que forman parte da entidade, o primeiro equipo de Primeira RFEF e os equipos da canteira e o feminino.

Así, fixo unha valoración da evolución dos equipos desde o ano pasado e o comezo desta tempada, destacando a “calidade dos xogadores e o equipo técnico”.

Por outra banda, anunciou que a asemblea do Club será a finais de decembro e indicou que xa se están dando pasos para que a reforma do estadio sexa unha realidade. “Xa vai saír a licitación para as reformas do estadio Anxo Carro, cumprindo cos prazos da licitación e da posta en marcha das obras”, explicou Saqués. Ademais, tamén se referiu á cidade deportiva, comentando que se está a facer un estudo para “integrar o total de instalacións e poder facelo por fases”. Polo que están buscando diferentes axudas e fondos para poder acometer a primeira fase “con total garantía”. Así, sostivo que “nos gustaría ir máis rápido, pero a situación é a que é, xa que Primeira RFEF é unha categoría deficitaria”, concluíu.



## Comezan os traballos de asfaltado do treito de Frai Plácido Rei Lemos

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroso, e o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas visitaron a rúa Frai Plácido Rei Lemos, onde comezaron os traballos de asfaltado do treito desta rúa afectada pola reconstrución do muro.

A Tenencia de Alcaldía realiza esta actuación, que consiste na renovación do firme en todo o seu espesor cunha nova capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, de xeito paralelo á reconstrución do muro, obra da que Arroso destacou o “bo ritmo de avance”.

O tenente alcalde destacou que esta actuación “crea un percorrido accesible para toda a veciñanza cunha rampla pola fronte do muro, na zona que parte do final do Paseo Vila de Foz, que remate na rúa Cidade de Viveiro, conectando o barrio de Recatelo co Parque sen barreiras arquitectónicas, avanzando nunha cidade



máis accesible para todas e todos”, declarou.

No primeiro dos bancais, o máis próximo á rúa Frai Plácido Rei Lemos, construíuse unha zona completamente axardinada, “creando un novo espazo verde na cidade para o disfrute de toda a veciñanza, e avanzando no obxectivo de crear un gran pulmón verde nas rúas de Lugo, reducindo a temperatura do pavimen-

to especialmente nos días de máis calor”, afirmou Rubén Arroso.

O segundo dos bancais contará cunha praza arborada, plantexada como un pequeno espazo de descanso para a veciñanza. Este bancal permitirá dar unha imaxe máis orgánica ao conxunto ao mesmo tempo que consegue unha mellor integración do muro coa contorna e reduce o impacto paisaxístico.

## Adega rexeita urbanizar a cunca alta do río Rato

Adega-Lugo mostra o seu total rexeitamento á pretensión do Concello de Lugo e da Xunta de Galicia de urbanizar a zona da cunca alta do río Rato, entre os barrios das Gándaras e de Albeiros. “Xustifican esta decisión na necesidade de creación de vivenda, nun contexto no que existen na cidade baleiros urbanos por desenvolver e barrios totalmente degradados que deberían ser rehabilitados”, defenden. Así, desde a entidade din que os sectores 3R e 4R que forman parte do solo que se está a valorar entre As Gándaras e Albeiros “conten valores naturais e patrimoniais moi importantes: está o castro de Albeiros está protexido e inventariado; hai gran cantidade de muros a xunta seca cuxa técnica construtiva está catalogada como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade pola UNESCO; hai importantes

formacións de arborado autóctono que conforma carballeiras e bosques de ribeira asociados a un afluente do río Rato que tamén se vería afectado; ademais do propio río Rato”.

Este desenvolvemento implicaría, ademais, a “destrución do sistema de pequenas hortas e prados adxacente á cidade, ademais da demolición de vivendas existentes”.

Por iso, defenden que Lugo conta con baleiros urbanos por desenvolver e barrios degradados a rehabilitar, como o distrito 13 en Catasol, e grandes bolsas de solo urbanizado sen edificar que xa contan con todas as infraestruturas necesarias, como Sanfiz ou Norte 1 e 2 de Garabolos. Ademais, din, “os barrios da cidade deberían ser renovados, rexenerados e rehabilitados, como o caso do Barrio Feijoo, a Milagrosa, o Carme, Recatelo, etc.”

## Ferreiro promete infraestruturas seguras nos centros educativos

A concelleira da área de Educación, Maite Ferreiro, acompañada pola xefa de servizo, Beatriz Pérez, e polo director do centro, visitou o CEIP Illa Verde para supervisar o inicio e progreso das obras de mantemento que o Concello está a executar nos centros educativos municipais.

Durante a visita, Ferreiro revisou as intervencións en curso e recolleu as demandas pendentes, asegurando que os colexios e escolas infantís de Lugo disporán de infraestruturas seguras e en bo estado.

A concelleira lamentou que estas

actuacións de mantemento e conservación, fundamentais para o día a día dos centros educativos, recaían exclusivamente sobre o Concello, pois “a Xunta non está atendendo as necesidades estruturais que se lle reclaman de forma continuada”, afirmou Ferreiro. “Mentres a Xunta desatende estas necesidades urxentes, desde o Concello facemos un esforzo importante para que os centros poidan ofrecer espazos seguros e adecuados”, destacou.

As actuacións están incluídas no obxectivo de mantemento, conser-

vación e reparación dos CEIP e Escolas Infantís Municipais e abranguen traballos en cubertas, alicatado, revestimentos, cerraxería, carpintería, pintura e outras melloras para asegurar que as instalacións estean sempre en condicións óptimas de uso.

“Melloramos a seguridade e prolongamos a vida útil dos edificios municipais en aspectos que precisan atención constante e onde a Xunta non está a intervir pese ás reiteradas solicitudes da comunidade escolar”, incidiu a concelleira.

### SAGRADO CORAZÓN



O PP reclama o arranxo da rúa Fonmiñá en Burozos, no barrio do Sagrado Corazón, xa que din que o seu estado é “de total abandono”. Os populares indican que cando o Goberno local acometeu as obras para substituír os farois, os operarios tiveron que empregar escadas de man para facelo, “pois o camión non podía achegarse en condicións para empregar a cesta”, critican.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com





## Arroso informa aos veciños da Estación dos proxectos para o barrio

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroso, xunto co edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, mantiveron un encontro con veciñas e veciños da contorna da estación do tren.

Durante a xuntanza, Arroso escoitou as demandas deste colectivo, e deulles información sobre os proxectos máis inmediatos que está a desenvolver a área de Mobilidade e Infraestruturas.

Arroso mantivo esta xuntanza seguindo na liña de traballo da Tenencia de Alcaldía, coñecendo de primeira man as propostas e necesidades do tecido asociativo da cidade e afirmou que o goberno atenderá ás propostas e solicitudes presentadas tanto polo tecido asociativo como pola veciñanza de

Lugo.

“Traballamos para seguir mellorando a cidade”, afirmou Arroso, que engadiu “desde o Goberno estudamos todas as propostas traballando sempre para mellorar os espazos públicos de Lugo”.

A área de Mobilidade e Infraestruturas, dirixida por Rubén Arroso, é a encargada de servizos importantes para toda a veciñanza, encargándose de cuestións como o calmado do tráfico, “unha das principais reclamacións das veciñas e veciños de Lugo”, explicou. E destacou que “nos últimos anos avanzamos enormemente nesta cuestión, mais seguimos traballando para continuar a aumentar a seguridade viaria nas zonas urbanas e periurbanas”.

## Rematan as obras de 4 vivendas para vítimas de violencia de xénero

As obras de catro vivendas tuteladas para vítimas de violencia de xénero están na súa fase final, uns traballos que supuxeron a reforma integral dos catro pisos, cuxas obras rematarán a finais deste mesmo mes.

Os principais traballos executados nestas vivendas tuteladas consistiron na rehabilitación total do interior dos inmobles, seguindo os criterios de eficiencia enerxética, para un mellor confort e habitabilidade, ao tempo que se asegura un menor custo e polo tanto un aforro considerable no seu mantemento.

A reforma integral destas catro vivendas, cunha construción de hai anos, supuxo o cambio de superficies, solo e paredes con obras para executar un trasdosado no interior dos pisos, colocar falsos teitos e actuar tamén en espazos comúns dos inmobles, o que permite a súa vez

instalar illamento e mellorar o confort da vivenda.

Tamén houbo unha importante intervención no que se refire á carpintería metálica, co cambio e posterior instalación de xanelas de dobre acristalamento con factor solar, contribuíndo non só ao mellor illamento térmico e acústico do piso senón tamén á unha maior luminosidade e benestar, en beneficio das súas usuarias.


A obra tamén implicou o cambio de azulexado en cociñas e baños, substitución de pavimentos, renovación de saneamentos e instalacións eléctricas, entre outras tarefas que supón a reforma integral dun inmovble. Ademais, se actuou en zonas comúns do edificio, para mellorar a eficiencia enerxética, o que contribuírá a un maior aforro e á redución de custos de mantemento.

## A peonalización da Praza do Ferrol xa experimenta problemas

A recente peonalización da Praza do Ferrol xa experimenta problemas pola fragilidade dos pavimentos colocados, polo que operarios están mellorando, de novo, o chan polo que transitan os cidadáns lucenses polo casco histórico amurallado.

O Goberno de Lara Méndez anunciaba en abril do ano 2023 que se utilizarían fondos europeos para as obras de peonalización do casco histórico nun 90 %, correspondéndolle 10,6 millóns de euros, que serían utilizados para peonalizar a Praza do Ferrol, a de Montevideo e Santo Domingo. A primeira, estaba programada para estar peonalizada a finais de 2023, pero as obras alongáronse ata metade do 2024. Con todo, a pesar de estar rematadas hai menos de seis meses, xa teñen desperfectos. Estes, son asumidos pola empresa, Grupo Vilariño, xa que as obras teñen unha garantía de 5 anos desde que finalizan e son entregadas ao Concello.

Pola súa parte, a praza de Montevideo e a de Santo Domingo estaban



previstas rematarse a finais deste ano, pero recentemente se anunciou que se prorrogan ata a primavera do 2025. Ademais, o Concello anunciou un acordo cunha das empresas adjudicatarias para modificar o proxecto para o tramo entre a porta de Bispo Odoario e a Praza de Ferrol, o que incrementa o orzamento para este proxecto ata os 358.002 euros. Mentres non se rematan as obras de peonalización e se arranxan os desperfectos das xa “rematadas”, os veciños e veciñas de Lugo van ter que

seguir sorteando obstáculos, enfrontándose a lousas en mal estado que, en ocasións, poñen en risco a súa saúde, e camiñando por rúas iluminadas con luces de Nadal, pero con feísmos, xa que as obras non pararán durante o Nadal.

Pola súa parte, a parte nacionalista do Goberno local xa tomou algunha medida para restrinxir o paso de vehículos lixeiros, o paso de veciños e o reparto de mercancías por zonas peonalizadas, neste caso pola rúa Bolaño Rivadeneira.

## A Xunta construírá 1.200 vivendas protexidas e libres no Sagrado Corazón

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, reuniuse co presidente da Asociación de veciños do Sagrado Corazón, Alfonso Ibas, para explicarlle como se vai desenvolver o plan do Goberno galego de urbanizar 120.000 metros cadrados de solo neste barrio lucense para construír 1.200 vivendas protexidas e libres.

Esta proposta enmárcase na primeira fase da Estratexia Galega de Solo Residencial e suporá dotar ao barrio do Sagrado Corazón de nova vivenda, tanto libre como protexida, promovida parte desta por construtores privados, que sairá ao mercado en réxime de venda e de alugueiro. Un 25 % da vivenda para venda e o 40 % da destinada a alugueiro reservarase para menores de 36 anos.

O delegado territorial explicou que a tramitación do solo se fará a través de Proxectos de Interese Autonómico (PIA), “o que permitirá aproveitar solo sen desenvolver e axilizar os trámites administrativos para acadar unha execución máis rápida”. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas anunciou onte que a redacción destes proxectos se licitará o vin-

deiro venres, por importe total de 2,6 millóns de euros para facilitar solo para máis de 15.000 vivendas en toda Galicia.

Na xuntanza quedou de manifesto unha vez máis o compromiso da Xunta co Sagrado Corazón, onde se están a realizar importantes investimentos, como os 4,2 millóns de euros que se destinaron á construción dun colexio de vangarda no barrio ou a proposta de creación do futuro centro de saúde.

Ao respecto, Arias lembrou que a Xunta propuxo dende o primeiro momento, tamén en reunións con representantes municipais, urbanizar toda a parcela do antigo colexio para edificar o centro de saúde e crear unha praza e zona verde aberta á igrexa e á contorna, que resolvía ademais problemas de accesibilidade dos edificios próximos.

“Agardamos reconducir a situación co Concello e poder construír por fin este centro de saúde para o beneficio dos actuais veciños e veciñas do Sagrado Corazón e pensando tamén nas novas necesidades que se presentarán coa construción destas vivendas de promoción pública”, dixo Arias.

## O PP esixe acción ao Concello para facer o aparcadoiro do Carme

O PP lamenta que o goberno local “intente xustificar a súa inacción no proxecto do aparcadoiro disuasorio na Rúa Poeta Noriega Varela, alegando que a execución desta infraestrutura está vinculada a un convenio asinado no ano 2021 para reparar o tellado da Capela do Carme”. O vicevoceiro, Ramón Cabarcos, sostivo que son “case dous anos perdidos e cero avances: o Goberno local segue bloqueando o aparcadoiro disuasorio do Carme con falsas escusas”.

O convenio para a creación deste aparcadoiro asinou en marzo de 2023, de forma independente ao acordo de 2021, e segundo figura no documento, non existe ningún impedimento legal ou administrativo que xustifique que, a día de hoxe, esta infraestrutura siga sen iniciarse.

Así, Cabarcos denunciou “este novo intento de confundir á cidadanía e de faltar á verdade”, esixindo “máis solucións e menos desculpas”, xa que o aparcadoiro do Carme é “unha infraestrutura prioritaria para Lugo que mellorará a mobilidade na zona e ofrecerá unha alternativa real para suplir a falta de aparcamento”.

Para os populares, “a paciencia dos lucenses ten un límite”, polo que instan ao bipartido a que se deixe de buscar escusas e cumpra cos seus compromisos.



# Ourense e Lugo recuperan en decembro a conexión ferroviaria

Renfe recuperará a partir do 17 de decembro o Alvia Lugo-Madrid sen transbordos por estrada, unha vez que Adif rematou as obras de renovación da infraestrutura entre Ourense e Monforte. Ata ese momento, a compañía prestou este servizo por estrada entre Ourense e Lugo para facilitar a mobilidade dos viaxeiros, mentres o persoal de conducción se habilita para poder circular por esta vía renovada, tal e como esixe o regulamento de seguridade.

A compañía vai restablecer os diferentes servizos sen transbordos neste tramo de forma progresiva, atendendo á necesaria habilitación do persoal de conducción, que a pasada semana comezou a formación para habilitarse e poder circular pola infraestrutura renovada.

O 25 de novembro os trens Alvia transversais Barcelona-A Coruña recuperaron o servizo habitual sen transbordos. E desde o 15 de decembro volverán a circular sen plan

alternativo por estrada os Media Distancia A Coruña-Ourense, Vigo-Ourense-Ponferrada, Ourense-Ponferrada e Ourense-Lugo. O día 17 fará o propio o Alvia Lugo-Madrid. Tras estas modificacións do servizo, Renfe abre a venda de billetes para viaxar no corredor Galicia-Madrid máis aló do 15 de decembro e ata o 23 de xaneiro. Coa nova ampliación da oferta de billetes, Renfe facilita aos clientes programar as viaxes previstas para o período de Nadal.

# Tomé anuncia o desdoblamento do último tramo de Infanta Elena

A Deputación de Lugo investirá 27 millóns de euros en estradas provinciais durante o próximo ano, o que representa un 21 % do orzamento total da institución, segundo anunciou este martes o presidente do ente provincial, José Tomé Roca.

Este investimento farase a través dun plan elaborado polo equipo técnico provincial e poñerá en marcha esta mesma semana coa licitación do primeiro paquete de obras, que se aprobarán na Xunta de Goberno Local deste xoves.

Este primeiro bloque de actuacións contempla melloras en 280 quilómetros de vías repartidas por toda a provincia, por un importe total de 12 millóns de euros. Tomé explicou que este plan de estradas leva elaborándose desde hai meses e consistiu en establecer un "trixe" das necesidades viarias para "comezar polas máis urxentes, seguindo un criterio integramente técnico".

Asegurou o presidente da entidade que os investimentos previstos rea-



lizaranse "sen atender a cores políticas". Serán un total de 80 proxectos de obra que corresponden o 60% a concellos gobernados polo Partido Popular e o resto para aqueles en mans de alcaldes e alcaldesas de PSOE e BNG.

Tomé anunciou dúas grandes actuacións no primeiro bloque que sae a licitación. A primeira será o desdoblamento da avenida Infanta Elena de Lugo, no tramo que falta, entre a glorieta 25 de Novembro e a rúa Benigno Rivera, xa no polígono de O Ceao.

Para esta obra destinaranse máis dun millón de euros e a previsión é comezar os traballos para a primavera. Este proceso, que require de expropiacións, xa está avanzado, e prolongarase durante un ano.

O outro gran proxecto deste primeiro paquete será unha actuación no cinto comarcal de Lugo. Aprobáronse 5 proxectos de obra en 4 concellos desta vía, a LU-P-1611, concretamente no Corgo, Castro de Rei, Castroverde e Begonte.

Así mesmo, están previstas obras de relevancia en Ribadeo, Portomarín, Castro de Rei, Xove, Guntín e Negueira de Nuñez, en pártia norte, e en Pantón, Sober, Bóveda e O Saviñao, no sur.

O presidente asegurou que o investimento deste plan é un 42 % maior que o realizado o ano pasado e o "máis alto da historia nesta institución". Asegurou que mellorar as condicións das vías implica "unha melloría nas zonas rurais, axudando á súa economía e a asentamento poboación".

## EN BREVE



**MILAGROSA.** Desde a Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, piden á Concellería de Mobilidade e Infraestruturas do Concello de Lugo a reparación do pavimento e do debuxo con forma de estrela da rúa Divina Pastora, "xa que se atopa en mal estado". Esta petición, tal e como sosteñen, xa foi realizada en varias ocasións, pero "segue sen repararse, polo que solicitamos nos orzamentos de 2025 téñase en conta dita reparación".



**PAPELEIRAS.** A Concellería de Transición Ecolóxica do Concello vén de instalar 14 novas papeleiras no barrio de Recatelo, atendendo ás solicitudes das asociacións veciñais e reforzando o contacto continuo co tecido social da zona. Están distribuídas por diferentes rúas: catro na rúa Isaac Díaz Pardo, unha na Vila de Sarria, outra na Avelino Pousa Antelo, tres na Pascual Veiga, unha na Ribadeo, tres no Carril dos Loureiros, e unha na rúa Recatelo.



**POLVAREIRA.** O campo de fútbol da Polvareira retoma a actividade tras a intervención que supuxo a substitución integral do céspede artificial, agora certificado pola FIFA, garantindo que a superficie cumpre cos estándares de calidade FIFA QUALITY e FIFA QUALITY PRO, o que permitirá aos deportistas xogar en condicións óptimas de seguridade e comodidade.

**ACADEMIA DE ESTUDIOS**

**EL BUHO**

Calle Tuy 76, Bajo, 27004 Lugo.

TEL: 685 99 89 77

**CLASES DE REPASO**

Por semanas y quincena

**TODAS LAS ASIGNATURAS**

Francés e Inglés

Si buscas regalos de Navidad monstruosamente increíbles... TIENES QUE VISITARNOS!!!

Síguenos en

Praza do Rei, 16 - 27002 LUGO - T.F.: 902 250 500  
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

**Librería Troll**



## Olalla Rodil pediulle á Xunta unha praza de pediatra estable na zona

A deputada Olalla Rodil reclamou na comisión de Sanidade unha praza de pediatra estable que atenda de maneira continuada e no seu centro de saúde para a os concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei, e acusou o PP de tratar as familias destes municipios da Terra Chá como cidadáns de segunda.

Rodil agradeceu a presenza no Parlamento dunha representación das familias afectadas pola falta de pediatra, que seguiron a intervención da deputada nacionalista na comisión 5ª desde unha sala do Parlamento.

“Son pais e nais que nin sequera piden ter especialista en pediatría todos os días no seu centro de saúde, senón que se garanta o que había ata agora e que consultaba dous días en Cospeito, dous en Castro e un en Outeiro de Rei. Desde finais do ano pasado, a persoa titular deixou a praza, acolléndose aos seus dereitos laborais, e o Sergas non cubriu o posto de maneira estable e permanente, senón que vai

parcheando”, resaltou a deputada nacionalista.

Así, desde finais do mes de outubro, as familias destes tres concellos da Terra Chá veñen mobilizándose para reclamar a cobertura estable da praza de pediatría e que presta servizo en días alternos en cada un dos centros de saúde destes municipios.

“Son vostedes os responsables de que estas familias se mobilicen”, replicou Rodil, despois de que o PP acusase o BNG de estar “petando nas portas e axitando as protestas”. E dixo que “vostedes son os que os deixaron sen pediatra, porque non están cumprindo a praza de maneira estable e ademais levan médicos de familia cunhas horas de formación en atención infantil para atender as nenas e os nenos”, acusou.

A deputada de Lugo, na réplica, sacou os datos do Sergas de 2024 nos que se recollen 26 especialistas de pediatría formados, dos cales quedaron en Galiza 18, a inmensa maioría nos hospitais.

## A Gayoso Castro recibe 200.000 euros en novos investimentos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, vén de supervisar en Castro Ribeiras de Lea (Castro de Rei), os novos investimentos da institución provincial na Granxa Gayoso Castro por importe de 200.000€. Concretamente, o mandatario comprobou o funcionamento da nova cisterna de xurro e dunha trituradora lateral que adquiriu a Deputación por preto de 150.000 euros e inspeccionou a pavimentación de diferentes accesos da finca de titularidade provincial por outros 50.000 euros. Acompañado pola Directora da Granxa Gayoso, Sonia Verdes, o Presidente verificou as melloras da nova cisterna de xurro con capacidade de 14.000 litros. Unha adquisición que, en palabras de Tomé Roca, “permite mellorar a xestión da explotación con criterios de sustentabilidade, cunha utilización máis eficiente dos recursos naturais e os procesos produtivos”. Explicou que esta dotación contribúe a reducir o impacto dos xurros no medio ambiente e na saúde das persoas e contribuíndo a promover prácticas máis sostibles, en consonancia coas políticas da nova Política Agraria Común (PAC). Revisou tamén a nova trituradora



lateral, unha máquina que serve para facer as rozas e o control da maleza para a correcta xestión das parcelas e dos accesos. Inspeccionou tamén a reparación e asfaltado de 300 m2 do acceso ao garaxe do carro mesturador e a pavimentación dunha pista 1,8 quilómetros desde a nave de secas ata o cemiterio, para mellorar os accesos con maquinaria pesada na contorna das fincas de millo. Estes traballos tiveron un custo estimado de 50.000 euros.

José Tomé enmarcou este investimento no compromiso do Goberno

que encabeza co sector primario que demostra con “diferentes políticas e estratexias levadas a cabo en colaboración coa Universidade e o sector produtivo” e sinalou que, o mellor exemplo é esta Granxa “que desenvolve un labor de apoio á recría de becerras de raza Rubia Galega coa colaboración de Acruga; ou co Centro Experimental de Leite, o primeiro público de Galicia que conxuga formación e investigación universitaria sobre o sector lácteo para axudar ás explotacións a ser máis competitivas e sostibles”.

### o corgo



## Lambiscadas Científicas fixo un taller no Corgo

Un dos obradoiros de divulgación Lambiscadas Científicas que está a desenvolver o grupo de investigación da USC XuvenCienca co apoio da área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo fixo parada no Corgo.

A actividade, que se celebrou no Punto de Atención á Lectura, grazas á colaboración da asociación Arumes do Corgo, centrouse na prevención das enfermidades transmitidas por carrachas, cunha charla a profe-

sora de veterinaria Susana Remesar na que, ademais das explicacións teóricas, as persoas asistentes puideron ver ao microscopio as características destes artrópodos.

É unha das temáticas que máis interese está a suscitar entre todas as ofertadas dentro deste programa de divulgación científica, co que tamén se ofertaron talleres sobre outras cuestións relativas á relación co medio e ao aproveitamento dos recursos naturais.

## Piden ao Goberno local a limpeza da antiga parede da Feira de Adai

O BNG do Corgo presentou, a través da súa concelleira Pilar Bellón, unha moción no pleno para pedir ao equipo de Goberno a limpeza da antiga parede da Feira de Adai e se proceda á retirada das instalacións de ferro actuais, moción que foi aprobada.

“Esta era unha das demandas que veñen expoñendo as veciñas e os veciños de Adai dende xa fai tempo”, explica a concelleira, “entre outras moitas de primeira necesidade, como o abastecemento da auga e o saneamento”.

Esta parede de pedra era empregada para expoñer os produtos na feira de Adai e na actualidade está completamente chea de mofo. “Consideramos este ben como patrimonio material e necesita, polo tanto, unha actuación de limpeza”,

explican.

Ademais, apuntan a que no campo da feira tamén hai unhas instalacións oxidadas que están ancoradas no chan “que serven para asir os animais na Feira Grande e na Poxa do Gando”.

Tamén foi aprobada por unanimidade unha moción que pedía ao Concello que reafirmara o seu compromiso na loita contra a violencia machista, “rexeitando calquera discurso banalizador ou negacionista así como calquera retroceso que elimine ou privaticese recursos do sistema de protección e atención ás vítimas, tal e como se está a facer dende a Xunta de Galicia”.

Con todo, tamén pediron que se faga un estudo para flexibilizar as bases de funcionamento do viveiro de empresas do Concello.

## O BNG denuncia que aínda non se presentaran os orzamentos de 2025

O BNG de Castroverde, a través da súa concelleira Iria Castro, expresa a súa preocupación ante a falta de presentación dos orzamentos de 2025 e demandará a creación dunha praza de arquitectura no Concello de Castroverde.

Lembra que a Lei Reguladora das Facendas Locais establece a obriga dos concellos de remitir ao Pleno da Corporación o orzamento xeral, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución.

Ademais, a raíz dun informe desfavorable de tesourería-intervención para a aprobación do último suplemento de crédito, onde se especificaba que o goberno municipal non ten regulada mediante un contrato administrativo a relación laboral coas dúas arquitectas.



## A oposición acusa á alcaldesa de favorecer intereses privados

O ex alcalde e agora representante do partido Independente, Francisco Fernández Montes, criticou a decisión da alcaldesa da localidade, do Partido Popular, Remedios González, de cambiar o proxecto dunha rotonda para que non afecte a uns terreos propiedade privada da alcaldesa.

Segundo explica, existía un acordo con Adif para facer unha rotonda ao final da rúa Xeneral Arce cando esta pase a quedar cortada ao eliminar o paso a nivel que conecta esta vía coa que vai ao cemiterio. Este acordo fíxose ao mesmo tempo que se negociou a construción do paso elevado.

O obxectivo desta obra era facilitar aos usuarios da vía dar a volta xa que se trata dunha rúa moi estreita. Nun principio a intención era ampliar o ancho da estrada e facer unha rotonda no medio ao final, o que implicaba coller algo de terreo das fincas que estaban a ámbolos dous lados, unha delas, da alcaldesa.

“Cando negociamos sendo eu alcalde, ela negouse a facer a cesión, mentres que os outros veciños si apoiaron a iniciativa e agora o que fixo foi mover a rotonda para o



outro lado de forma que non afecte aos seus terreos e si o faga en maior medida aos veciños do outro lado”, explica Montes.

Ao final, engade que se pretende facer unha expropiación nos outros terreos pero só para facer a rotonda.

Aínda así, non faltan as voces críticas que negan a necesidades de facer unha rotonda para unha rúa na que viven unicamente tres persoas. “Sería moito máis barato colocar un sinal de vía sen saída”, din. De todos os xeitos, esta non é a única polémica xurdida nos últimos tempos sobre a xestión municipal.

No pleno desta semana foi moi criticada a proposta de establecer un salario de 14 pagas de 1.461 euros para o terceiro tenente de alcalde por media xornada de traballo. A coincidencia é que é irmán da alcaldesa e que a oposición considera totalmente desproporcionado este salario.

Así mesmo, os partidos da oposición acusaron tamén á alcaldesa de asfaltar a avenida dos Remedios só naquelas zonas das leiras propiedade de Remedios González e do tenente de alcalde, mentres no resto da vía só se amañaron algunhas fochancas.

## Implantan un sistema de pagamento TPV de taxas

O Concello de Rábade vén de habilitar un dispositivo TVP de pagamento con tarxeta na casa do concello para que as persoas que o desexen poidan aboar alí os seus recibos, sen a necesidade de ter que trasladarse a unha oficina bancaria.

É válido para o pagamento de taxas do Concello, agás os recibos emitidos pola Deputación de Lugo (IBI e IVTM).

Pódense pagar, por exemplo os certificados de empadramento, as liquidacións de ICIO, as taxas por inicio ou transmisión de actividade, unha certificación catastral, a primeira expedición dunha pasaxe de vehículos, os bonos das piscinas no verán, e outros varios.

O servizo xa está dispoñible no Rexistro do Concello de Rábade para quen queira facer uso del.



## Finalizan no centro de saúde a obra de reforma

O centro de saúde de Rábade conta cun novo aspecto exterior que permitirá mellorar a eficiencia enerxética do edificio. A Consellería de Sanidade finalizou nestes días unhas obras moi demandadas polos veciños.

As actuacións, que deron comezo no verán, incluíron a instalación dunha nova cortina vexetal e cortinas interiores que reducen a incidencia do sol e as inclemencias meteorolóxicas nos grandes ventanais que dan acceso á sala de espera. Durante o verán esta situación provocaba que aumentara considerablemente a temperatura no interior e tampouco ofrecían suficiente protección contra o frío.

Para mellorar estes problemas de humidade e frío, tamén se renovou a cuberta do edificio. Así mesmo, pintáronse as paredes da sala de espera e renovouse o mobiliario desta área, entre outras intervencións.

O custo total das obras foi asumido pola Consellería de Sanidade.

**CUMES DA TERRA CHÁ.** Ademais, remataron os traballos de ampliación da primeira fase prevista na rúa Coronel Andrade para conectar os servizos existentes na mesma.

Estes foron realizados polo obradoiro Cumes da Terra Chá, un taller de emprego formado por 13 alumnos e alumnas, 5 deles do concello de Rábade.

## castroverde

### O Concello de Castroverde celebra a súa tradicional Festa da Xuventude o 21 de decembro

O Concello de Castroverde xa ten convocada a súa tradicional Festa da Xuventude, que terá lugar o vindeiro 21 de decembro.

Así, a partir das 23.00 horas as persoas que se acheguen a desfrutar desta festa poderán bailar coa música das orquestras Kubo e Marbella.

Kubo é un grupo musical emerxente de orixe peruana que fusiona ritmos tropicais como a cumbia, salsa e merengue con influencias modernas e urbanas. Mentres que Marbella é unha agrupación musical peruana coñecida polo seu estilo fresco e moderno dentro do xénero tropical. Interpretan unha mestura de cumbia, salsa e outros ritmos bailables que conquistaron a públicos de todas as idades.

Esta es unha de las celebracións máis emblemáticas na localidade, que todos os anos trae numeroso público.

## O Concello mellora as augas pluviais en Souto de Torres cunha achega

As augas pluviais en Souto de Torres, no municipio de Castroverde, foron melloradas a través da liña de axudas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental 2024.

Así, cun total de 55.600 euros, a Xunta acometeu esta actuación promovida polo Concello de Castroverde, onde estivo o delegado territorial de Lugo, Javier Arias. O obxectivo foi mellorar as condicións de recollida e evacuación das augas da chuvia nese núcleo, que se sitúa no trazado do Camiño Primitivo.

Con esa finalidade, proxectouse a execución dun pavimento con novas pendentes e peraltes cara os imbornais e sumidoiros que evacúan as augas á rede de sa-

neamento. Tamén se instalaron novas tubaxes soterradas que conectan coa rede xeral.

Todas estas melloras contribuirán a evitar problemas ocasionados polas deficiencias na recollida de pluviais, como o deterioro de camiños, a degradación de terreos ou a derivación de auga ao interior das vivendas.

De forma complementaria, o proxecto incluíu outra actuación para a conservación dunha fonte de pedra granítica localizada na zona. O proxecto centrouse na limpeza e roza da contorna, a execución dun solado de acceso e a mellora da seguridade mediante a instalación dunha reixa de fundición para evitar caídas ao interior do pozo que hai nas inmediacións.

### NOVO MARCADOR



O Concello de Rábade estreou o novo marcador instalado no pavillón municipal. Este averiouse e tivo que ser substituído polo que se aproveitou para incorporar un con máis servizos.



## portomarín

## A sociedade local despide ao veciño e portavoz do PSOE, Marcos Arias

A sociedade de Portomarín despide ao veciño e portavoz do PSOE de Portomarín, Marcos Arias, que faleceu esta fin de semana aos 41 anos. Nado na parroquia de Gonzar, en Portomarín, dedicábase ao sector da gandaría mentres levaba ao Concello de Portomarín as necesidades dos veciños a través de propostas e queixas despois de presentarse como candidato ás eleccións municipais do 2023.

Daquela, o secretario xeral dos socialistas na provincia, José Tomé Roca, sostiña que Marcos Arias “conxuga tódolos valores socialistas que son necesarios para acadar a Alcaldía”. E lembraba que o socialista xa fora concelleiro con só 19 anos, “polo tanto xoga con moita vantaxe, xa que ten un coñecemento moi amplo do concello no que traballa e no que vive coa súa familia. Ten moitas gañas de traballar polos seus veci-



ños e veciñas e sacar o seu concello adiante”.

Marcos Arias substituíu como cabeza de lista a Silvia Rodríguez, que estivo dúas décadas representando ao PSOE de Portomarín. Ademais, na Festa da Augardente de Portomarín deste ano foi nomeado como Cabaleiro da Orde Serenísima da Alquitara, o que recoñece a traxectoria de figuras representativas da sociedade.

## Convocado o concurso de recitado poético Rosalía sempre viva

A Casa-Museo Manuel María convoca unha nova edición do Concurso de recitado de poesía sobre poemas de Rosalía e Manuel María. O certame terá a fase final o 22 de marzo de 2025 na propia Casa-Museo.

O certame está dirixido a todo o alumnado galego de ensino non universitario, desde Primaria a Bacharelato, e está centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María.

O obxectivo do concurso é potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da nosa literatura. Así, os

traballos gañadores da pasada edición pódense ver no portal web da Casa-Museo.

O concurso establece catro categorías, a primeira para os tres primeiros cursos de Primaria, a segunda para os alumnos de 4º a 6º. A terceira categoría engloba aos alumnos de Secundaria, Bacharelato e ciclos formativos.

O concurso constará de dúas fases, na primeira no propio centro escolar e a segunda entre centros. Na primeira escolleranse tres traballos por categoría e na segunda, os seleccionados participarán no recitado dunha única poesía escollida libremente entre a obra en galego de Rosalía ou de Manuel María. Va-

lorase a autenticidade e naturalidade do recitado, a memorización e o seu nivel de dificultade.

Os centros interesados en sumarse a este concurso deberán facer a súa preinscrición antes do 7 de febreiro. Na segunda fase concederanse un premio para cada unha das categorías 1 e 2 e dous premios para a categoría 3. Os premios serán unha tableta para as persoas gañadoras e un lote de libros para os centros que representan.

O xurado poderá conceder Mencións Honoríficas a aquelas persoas participantes que consideran oportuno, recibindo neste caso os/as galardoados/as un pequeno lote de libros.



## Outeiro de Rei recibe un ano máis a Bandeira Verde

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, puxo en valor o compromiso co coitado da paisaxe e coa protección ambiental dos concellos recoñecidos coa Bandeira Verde de Galicia.

Durante a súa participación no izado do distintivo concedido ao Concello de Cospeito, a conselleira subliñou a importancia da Bandeira Verde de Galicia pola visibilidade que lles outorga como territorios responsables e comprometidos co impulso de diferentes tipos de accións e boas prácticas para ordenar o territorio, protexer o medio ambiente e a paisaxe; afrontar o cambio climático e mellorar a eficiencia enerxética; xestionar de xeito responsable os residuos municipais, e sensibilizar á cidadanía nesta materia.

Ángeles Vázquez tamén visitou o municipio de Outeiro de Rei, que recibe este distintivo por cuarta vez logo de ser recoñecido tamén nos anos 2021, 2022 e 2023. Nesta ocasión presentou, entre outras, actuacións de acondicionamento das rutas de sendeirismo do concello, a creación dunha área de autocaravanas, a peonalización de espazos urbanos, a mellora da mobilidade en varias contornas, a implantación de puntos de recarga de vehículos eléctricos así como varias accións de sensibilización e comunicación para promover o coñecemento dos espazos naturais do concello.

En 2024 o Goberno galego concedeu 24 galardóns, un 33 % máis que no ano 2023, dos que 11 conseguiron este distintivo por primeira vez. É o caso tamén de Begonte.

## pol



## O Clúster da lousa premia ao concello por pioneiro

O Clúster da Lousa de Galicia celebrou a súa primeira edición do Premio Pioneiros da Lousa, un recoñecemento que, segundo o seu presidente, Víctor Cobo, busca “preservar na memoria das xeracións actuais e futuras o esforzo de todas aquelas persoas que iniciaron a súa actividade con medios rudimentarios, logrando converter este sector nun dos motores económicos de Galicia”.

O acto tivo lugar nas instalacións do Complexo Hostaleiro Paladium de Vilamartín de Valdeorras, contando con máis de 180 asistentes. Nesta ocasión inaugural, o galardón foi concedido a once concellos con maior tradición louseira, en recoñe-

mento á súa contribución esencial para o desenvolvemento do sector. Segundo afirmou Cobo, estes municipios fixeron “unha aposta firme” polo sector e, sen o seu apoio e diálogo, sería “moi complicado levar a cabo a actividade”.

Os galardoados foron os concellos de Ortigueira, A Fonsagrada, Mondoñedo, A Pastoriza, Lourenzá, Samos, Pol, Quiroga, Folgoso do Courel, Vilamartín e Carballeda de Valdeorras. Cada un recibiu unha figura dun labrego en lousa, deseñada polo escultor Alejandro Álvarez e entregada por representantes de distintos ámbitos, como a cultura, a educación, o deporte, a empresa e a viticultura local.

## Presentouse REGAPS na primeira Reunión Rede Saúde Local do Concello

O Salón de plenos de Outeiro de Rei acolleu a 1ª Reunión Rede Saúde Local, que foi presidida por Begoña Seco Varela, xefa territorial de Sanidade; José Pardo Lombao, alcalde de Outeiro de Rei; Alicia Rama García e Cristina Varela Pernas, responsables de Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte da Rede Galega de Promoción de Saúde (REGAPS).

Ademais, estiveron presentes Eva Fernández López, enfermeira pediátrica; Antía Pérez Vázquez, dietista e nutricionista; María Barreiro Domínguez, técnica de prevención de conductas aditivas e traballadores do Concello de Outeiro de Rei.

Neste encontro, levouse a cabo a presentación da REGAPS, que é unha organización dependente da Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, que se crea a raíz do Plan Obesidade Zero en Galicia

2022-2030, co fin de potenciar todas aquelas estratexias locais que melloren a saúde da poboación.

O Concello de Outeiro de Rei presentou a proposta de levar a cabo unha axenda saudable, co fin de mellorar necesidades saudables.

Tras o desenvolvemento e explicación de propostas, o Concello de Outeiro de Rei chegou a un acordo coa REGAPS de levar a cabo un taller con nutricionista para fomentar unha alimentación saudable.

Decidiuse tamén en consenso a elaboración de un almuerzo saudable unha vez ao mes para todos os nenos do Concello que pasen polo este programa. Agora, van coordinar día e horario para este almuerzo e informarse no colexio de Outeiro de Rei.

Para concluír o acto, fíxose a data da próxima reunión, que terá lugar o luns 13 de xaneiro do 2025 no salón de plenos de Outeiro de Rei.



## Remata o obradoiro Santa Isabel e o Programa Integrado de Emprego

A Xunta entregou os diplomas ás 20 persoas que completaron a súa formación no obradoiro de emprego Santa Isabel V, promovido polo Concello de Outeiro de Rei asociado cos de Castro de Rei e Cospeito. Na clausura participou a directora territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Carmen José López.

Os mesmos municipios compartirán un novo taller -Camiño da Chaira VIII- que comezará este ano e proporcionará oportunidades laborais a outras 20 persoas desempregadas. Ambas iniciativas suman un investimento de 943.000 euros do Goberno galego, a través das últimas convocatorias de axudas a entidades locais para desenvolver obradoiros de emprego nos seus respectivos territorios.

Estes programas alternan formación teórica e práctica profesional en sectores con demanda de traballadores e traballadoras, polo que o alumnado mellora as súas expectativas de optar a un emprego de calidade.

As especialidades impartidas no taller que finaliza centráronse nos ámbitos da construción e a urbanización. No caso de Outeiro de Rei, o alumnado traballou no pintado e nos revestimentos exteriores e interiores do recinto do campo de fútbol e dos centros socioculturais de Robra, Sobrada e Bonxe.

En Castro de Rei, programouse a construción de 96 nichos distribuí-



dos en 24 panteóns do cemiterio de Duarría; así como a rehabilitación parcial da antiga escola unitaria da parroquia de Mondriz.

Polo que respecta a Cospeito, as actuacións consistiron na pavimentación da rúa Daniel Castelao e do Camiño á Lagoa, ambos en Feira do Monte; e na humanización da rúa Billerma en Muimenta.

**PIE.** A Casa da Cultura de Outeiro de Rei acolleu a clausura do Programa Integrado de Emprego do Concello de Outeiro de Rei 2023/2024.

Este programa iniciouse o 13 de novembro de 2023 e finalizou o 12 de novembro de 2024 e nel participaron 100 mulleres dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Friol, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Rábade.

Durante o programa integrado de emprego, 40 mulleres do mesmo acadaron unha oportunidade para incorporarse ao mercado laboral.

Agora xa se está poñendo en marcha o seguinte programa integrado 2024/2025.

Os programas ofrécenlles aos participantes ferramentas que lles facilitan a súa inserción laboral. Para iso, desenvólense accións transversais de distinta natureza, como obradoiros e talleres nos que se simula a realización de entrevistas, ensínase a elaborar un currículo, mellóranse as competencias dixitais e as habilidades sociais, estímúlase a capacidade emprendedora e foméntase a mobilidade xeográfica, entre outros aspectos.

Tamén se realiza a prospección empresarial en sectores de actividade que se adaptan ás características de cada programa e aos perfís do alumnado. No caso do que se clausura, centrouse principalmente nos servizos, turismo e atención aos cidadáns. Así mesmo, promóvese a realización de prácticas non laborais en empresas.

## O Pleno municipal aproba cos votos do PP as contas xerais do 2023

Celebrouse un pleno extraordinario este xoves no Concello de Outeiro de Rei, no que se aprobou por maioría absoluta as contas xerais do ano 2023. A votación resultou con 8 votos a favor, 2 en contra e 1 abstención. Cabe destacar a ausencia dun concelleiro do PP e doutro do BNG.

O equipo de goberno destacou que esta aprobación permitirá consolidar a liña de traballo seguida nos últimos anos, unha estratexia que situou a Outeiro de Rei como un dos concellos de maior crecemento económico na provincia de Lugo.

Ademais, o municipio segue destacando polo incremento constante da súa poboación, froito dunha xestión eficiente e comprometida co benestar dos seus veciños.

Un dos puntos fortes destes orzamentos é que reflicten a capacidade do Concello para "facermos máis con menos". A pesar de contar cun dos niveis de impostos máis baixos da comarca, a administración local conseguiu manter unhas finanzas saneadas, cunha débeda perfectamente manexable dentro do seu marco orzamentario", explica o alcalde.

### MICOLOXÍA



Outeiro de Rei acolleu un curso de micoloxía que estivo impartido por Julián Alonso Díaz, presidente da asociación micolóxica Lucus, o cal puido compartir ás persoas asistentes o seu coñecemento sobre o mundo dos fungos. Acudiron ata 20 persoas para poder desfrutar dunha aprendizaxe sobre os fungos existentes na zona.



## Remata a mellora dun parque infantil en Guillar

O Concello de Outeiro de Rei vén de mellorar un parque infantil nunha zona urbanizada na parroquia de San Martiño de Guillar cunha subvención da Xunta de Galicia.

Así, cun custo de 51.418,32 euros, o parque infantil, que estaba nun estado de abandono e con madei-

ras rotas, o que para os veciños era "un perigo para os nenos"; agora loce outra cara.

Esta acción encádrase no proxecto de creación, mellora e ampliación de servizos básicos locais, mellorando un servizo necesario para as familias dunha zona moi transitada do Concello.

## Convocada unha nova edición do concurso de decoración de Nadal

O Concello de Outeiro de Rei dentro das actividades de Nadal e co obxectivo de ambientar as rúas e pobos do municipio, convoca o III Concurso de decoración de Nadal de fachadas e xardíns.

A temática a desenvolver na decoración será exclusivamente relativa ás festas de Nadal e poderán participar no concurso todos os veciños e veciñas censados neste concello. A decoración deberá estar instalada e en funcionamento antes do 10 de decembro. A inscrición será gratuita. As persoas participantes terán que enviar dúas fotografías da decoración da fachada e/ou xardín

ao correo electrónico [xuventude@concellodeouteiroderei.org](mailto:xuventude@concellodeouteiroderei.org). As fotos teñen que ser actuais, orixinais e inéditas e non poden conter persoas. Neste mesmo correo deben incluír o Anexo I cos datos persoais e de localización da vivenda.

O prazo de inscrición estará aberto ata o 13 de decembro de 2024.

Premiarase a decoración que proporcione un mellor ambiente festivo. Haberá dous premios de cen euros, outros dous de 75 e dous máis de 50 euros.

O fallo do xurado farase público na páxina web do Concello antes do 10 de xaneiro.

## A Asociación Penas de Rodas organiza unha actividade de pandeireta e canto

A Asociación Cultural Penas de Rodas anuncia unha nova actividade de pandeireta e canto que se desenvolverá entre os meses de xaneiro e maio de 2024. O obxectivo principal desta iniciativa é formar un grupo de cantareiras e cantareiros, aberto a persoas de todas as idades e sen necesidade de contar con experiencia previa. As sesións terán lugar os domingos cada 15 días, cunha duración de dúas horas por xornada, de 11:00 a 13:00. A actividade require un grupo mínimo de 5 participantes para poder levarse a cabo.

O custo da inscrición será de 15 euros para socios da asociación e 20 euros para non socios.

As persoas interesadas en participar teñen ata o 15 de decembro.





## Concellos da zona sur de Lugo analizaron o tratamento de residuos

Os alcaldes dos concellos de Antas de Ulla, Monterroso, Guntín, Taboada, Palas de Rei e Portomarín reuníronse en Monterroso co obxectivo de dar unha resposta global os novos retos nos diferentes servizos de tratamento de residuos.

Tras varias xornadas de traballo, nos diferentes concellos adoptáronse medidas conxuntas para dar resposta ás novas necesidades do servizo. Así, manteranse as actuais taxas de recollida de cada concello e farase un enfoque conxunto da nova taxa de eliminación de residuos, que será similar en todos eles.

Os alcaldes e alcaldesa buscan as solucións económicas máis vantaxosas para os veciños, garantindo a viabilidade do servizo e a efectiva prestación do mesmo, tratando de trasladar a mínima repercusión ao recibo final dos usuarios.

As diferentes corporacións abordarán nos seus respectivos plenos as modificacións nas ordenanzas municipais de cara o ano 2025.

Noutro ámbito, nestas xuntanzas abordouse tamén a posibilidade de acometer melloras e servizos de forma conxunta en ámbitos como a reciclaxe e a selección de residuos.



## A xornada de Guntín do Xeodestino bateu un récord de asistentes

As xornadas do Xeodestino Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa e o proxecto Guido Guía viviron a xornada viaxeira na que se bateron todos os récords de asistentes.

Das 172 persoas que visitaron O Páramo no mes de xullo, ou do promedio de 127 nas primeiras dez actividades, pasouse a nada menos que 231 participantes neste sábado de outono en Guntín.

A xornada comezou ás 11 da mañá no pavillón municipal, percorrendo e visitando o paseo fluvial do río Ferreira, a Ponte Cabalar, o Mosteiro de Ferreira de Pallares e outros atractivos. Un itinerario no que se mesturaron os recursos naturais,

históricos e culturais do municipio. Posteriormente foi o tempo do xantar, no que diversos restaurantes e bares da zona ofreceron menús especiais, mentres que outras persoas optaron por comer ao aire libre. Pola tarde parte do grupo seguiron coñecendo a contorna.

Persoas de Estados Unidos, Arxentina, Brasil, Colombia, Chile, Perú, Venezuela, Portugal, Cataluña, Euskadi, Madrid, Valencia, Castela e León, Asturias e das catro provincias galegas desfrutaron desta actividade e convocáronse para a primeira do 2025, ano no que se prevé seguir co sistema de facer unha saída por mes.

## Verea Castelo recibirá o premio de investigación Condado de Pallares

A Casa de Cultura de Guntín acollerá un acto aberto ao público ás 19.30 horas no que terá lugar a entrega do premio do XVIII Certame de Investigación Condado de Pallares á profesora de Historia María de los Ángeles Verea Castelo, que resultou gañadora co traballo 'A explotación de arxila e a súa transformación nas terras do Condado de Pallares'.

O premio está promovido pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, coa colaboración da Consellería de Cultura da Xunta, da Área de Cultura

da Deputación; dos concellos de Guntín, Taboada e Chantada, de Caixa Rural Galega e dos grupos de Desenvolvemento Rural Comarca de Lugo e Miño-Ulla.

O Certame Condado de Pallares ten unha dotación de 3.000 euros e a publicación do traballo gañador e nesta ocasión o xurado integrado por Carlos Balañas Pérez, Gonzalo Fernández Suárez, Fernando Arribas Arias e Eduardo Fernández Ares, destacou a orixinalidade do tema elixido por María de los Ángeles Verea.



## O PP destaca "a necesaria intervención" nas estradas provinciais

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, xunto ao alcalde da localidade, Ángel Pérez, revisaron o estado de varias estradas de titularidade provincial, destacando a "a necesaria intervención da Deputación neste municipio".

Así, puxeron como exemplos a necesidade de realizar o mantemento integral das estradas LU-P-2405 e LU-P-2408, así como a necesidade mellorar o mantemento do pavimento e renovar tanto a sinalización horizontal como a vertical no cinto comarcal, a LU-P-1611, xa que son "perigosas para os condutores ao levar anos sen realizarse nin o máis mínimo mantemento".

No caso da LU-P-2408, que vai de Costañeira a Montecelo, pasando por Vilarcabreiro, comprobaron a urxencia de actuar nesta vía dado o seu "nefasto estado de conservación, sendo o seu punto máis perigoso unha ponte en curva na que é imposible que se crucen dous vehículos

ao mesmo tempo e que, na súa zona interior, está afundida dende hai un ano e con serio risco de caerse", din. "Vemos como o perigo nesta vía é moi evidente, podendo caer os condutores ao regato que pasa por debaixo", sinalou Antonio Ameijide, que tamén pon sobre a mesa o "nefasto estado de conservación desta vía, completamente chea de fochancas e que directamente perdeu gran parte do firme en moitos dos seus puntos. Hai zonas nas que é imposible circular con seguridade xa que non hai nin un metro de ancho de asfalto", denunciou.

Pola súa banda, o alcalde de Guntín, Ángel Pérez, reclamou o arranxo desta e outras vías, xa que o que están a provocar dende a Deputación de Lugo é que "como os camións que dan servizo ás ganderías non poden circular con seguridade, opten por acceder dende outras estradas, na súa maior parte municipais, danándose tamén".

## Unha gandaría de Friol gaña dous premios Exceleite

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, definiu os gandeiros galegos como "garantes dunha parte moi importante da identidade de Galicia" e cualificou o sector leiteiro como "indispensable no económico, pero tamén na variable demográfica e social, para vertebrar e manter po-boación no rural".

A conselleira, acompañada por varios altos cargos do seu departamento, pechou o acto de entrega dos VIII Premios á Excelencia Hixiénico-Sanitaria das Explotacións Leiteiras de Leite Cru de Vaca (Exceleite 2024).

A gandaría de Friol Casa Codesal recibiu dous dos 20 premios que se outorgaron en dez categorías. Na de Gandaría Ecolóxica fíxose co ouro mentres que na de Gandaría extensiva de mediano tamaño gañou a prata. Ademais houbo premios para outras ganderías da provincia en Vilalba, Monforte, Sarria, Cospeito, Xermade e O Páramo.

Neste evento, Gómez puxo en valor estes galardóns, cos que se recoñece o compromiso dos produtores coa calidade do xeito máis sustentable, así como o seu rigoroso respecto polo benestar animal, sempre procurando a excelencia na súa actividade. Trátase tamén -incidiu a conselleira- de recompensar toda a entrega e sacrificio destes profesionais.

Na súa intervención, a titular de Medio Rural reiterou o decidido apoio da Xunta a este sector estratéxico do rural galego, que se plasma mediante a planificación -cunha estratexia específica-, a promoción, a protección, a formación, o fomento da remuda xeracional ou a mobilización de terras, entre outras actuacións.

## A cuarta proba da Transgalaica de MTB regresa ao concello

O domingo 13 de abril os amantes do ciclismo de montaña terán unha nova cita en Friol coa celebración da cuarta proba da Transgalaica - Maratón MTB Series. Esta chega despois do seu paso por Cercedo-Cotobade, Ames e Silleda, e Terá o seu fin en Manzaneda o 27 de abril.

Será o segundo ano que esta proba pasará pola localidade luguesa.

Os participantes desta proba ciclista de montaña poderán gozar desde primeira hora da mañá dunha competición que se desenvolverá nun circuito de preto de 70 quilómetros con moitas esixencias físicas, que transcorrerán por distintos puntos da localidade.



## O Concello de Friol inviste en máis estradas rurais do municipio

O Concello de Friol porá en marcha un proxecto de mellora e reparación do acceso ao núcleo rural de Seoane e do acceso do núcleo rural de Pacio ao límite do termo municipal, con cargo ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, por un valor de máis de 135.000 euros.

Levaranse a cabo os traballos necesarios para realizar dúas obras importantes para o Concello de Friol, que suman máis de 135.000 euros entre ambas, e que se financiarán con cargo ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, que financia a Xunta de Galicia a través da Consellería do Medio Rural.

Realízanse melloras e reparacións no acceso a Seoane desde a estrada da Deputación LU-P2118 e no acceso de Pacio ata o límite do termo municipal.

A finalidade do proxecto é mellorar os resultados económicos de todas as explotacións e facilitar a súa reestruturación e modernización, co obxectivo de incrementar a súa participación e orientación cara o mercado, así como a diversificación



agrícola das mesmas.

Ademais, con esta intervención melloraranse os accesos ás explotacións gandeiras da zona, o que permitirá optimizar os seus resultados económicos.

A xustificación de esta intervención baséase fundamentalmente na necesidade de rexeneración do firme actual (tratamento superficial) que presenta un deterioro considerable poñendo en perigo a seguridade viaria.

Na rexeneración do firme do acceso a Seoane, utilízase unha nova capa de firme a base de aglomerado en quente, mellorando considerable-

mente o firme.

No caso do acceso de Pacios ao límite con Palas de Rei, faise o mesmo paquete de firme que posúe na actualidade. En este acceso, aínda que solo se realiza un reforzo do firme desde Pacio ata o límite co termo municipal de Palas de Rei, o acceso continúa ata a intersección coa estrada LU231.

Todas estas actuacións que se van realizar traerán nunha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, pois a mellora de todos estes camiños facilitará o acceso polos mesmos aos habitantes do Concello.

## A Deputación asina a venda dunha parcela no polígono de Friol

José Tomé Roca asinou na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos a venda de dúas novas parcelas nos polígonos de Friol e Chantada. José Tomé anunciou que, con estas novas operacións, “completamos a ocupación do polígono chantadino de Acivros, cun total de 49 parcelas vendidas, contribuíndo ao impulso do desenvolvemento económico da zona e afianzando este complexo industrial como un referente empresarial”. Pola súa parte, no polígono de Friol, a parcela número 10 foi vendida á empresa Electromecánica Núñez Brao SL, dedicada ao mantemento e reparación de vehículos de motor, por un importe de 40.428,52 euros. Deste xeito, a día de hoxe, no polígono de Friol quedarían dispoñibles 26 das 55 parcelas existentes.

No resto dos parques industriais que xestiona a Deputación de Lugo a dispoñibilidade é de 12 parcelas no polígono de Baleira, das 27 existentes; as 24 de Cospeito; 28 en Friol, das 55 coas que contaba este parque; 2 en Oural das 3 coas que conta; 17 das 19 que había inicialmente no de Paradela; e 3 das 12 iniciais do complexo de Begonte.

## A Deputación inicia as obras da vía que une Portadornas e Lameiro



A Deputación de Lugo vén de iniciar os traballos para a rehabilitación do firme dun tramo da LU-P-2104, que vai desde Portadornas ata Lameiro, por Xiá, no concello de Friol. Esta actuación, que conta cun investimento de preto de 63.000 euros, afecta a un treito de case 3 quilómetros, concretamente no tramo que vai desde o inicio da estrada ata o punto quilométrico 2,6. Ademais, neste proxecto tamén se inclúe o acondiciona-

mento do ramal.

Trátase dun importante proxecto para os veciños e veciñas da zona, pois é a estrada que vertebra a parroquia da Xiá. As obras, que está a realizar a empresa Cholo SL, consisten na apertura de cunetas, na reparación dos danos e na repavimentación do firme. Con estes traballos reducirase o risco de accidentes e mellorarase a seguridade viaria, a comodidade e os desprazamentos da veciñanza.

## Celebrarán o primeiro aniversario do regreso da feira ao centro

Para celebrar o primeiro aniversario da volta da Feira ao pobo, que será no próximo mes de abril, o Concello de Friol quere facer algo especial, e opta por un sorteo dun lote de produtos do municipio, recoñecendo e agradecendo a todas as persoas que forman parte da propia feira, tanto aos diferentes postos que montan, como tamén a todos os veciños de Friol pola gran acollida que tivo desde o primeiro domingo do mes abril.

Cada establecemento de Friol, tanto comercios como bares e restaurantes, terá á súa disposición uns talonarios con rifas, que irán entregando a cada persoa que faga unha compra no seu negocio. Estas rifas repartiránse durante os días de Feira, que é o primeiro domingo de cada mes.

Calquera persoa pode optar a unha rifa, sempre e cando se achegue a Friol nas feiras de decembro, xaneiro, febreiro e marzo, e faga algunha compra en calquera dos estable-

mentos do pobo. Con esa compra entregaranlle unha papeleta coa que poderá entrar no sorteo mencionado.

A persoa ganadora do citado lote será a que posúa a rifa co número que coincida coas últimas catro cifras do Sorteo da Lotería Nacional do 5 de abril de 2025, tendo que depositala no Concello os días seguintes o sorteo para a comprobación e entrega do lote mencionado. Dende o Equipo de Goberno do Concello queren agradecer, con este pequeno xesto, a todas as persoas que fixeron posible que a súa Feira mensual fose todo un éxito, dende a primeira que se celebrou no mes de abril do presente ano. Fixeron un cambio importante volvendo a Feira de Friol ao centro do pobo, o cal trouxo moi bos resultados nestes primeiros meses, e esperan que se sigan mantendo estes bos números de afluencia e de vendas e que incluso se vexan incrementados de cara á próxima primavera.



## Estreouse o documental das primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, asistiu á proxección das primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia, un documental que narra a historia desta proba deportiva pioneira, celebrada no Concello de Friol.

A directora xeral, que estivo acompañada polo alcalde da localidade, José Ángel Santos, puxo de relevo esta iniciativa e destacouna como un “bo exemplo” de dinamización social, económica e cultural nas con-

tornas rurais da nosa comunidade. Deseguido, Rodríguez salientou que se trata dunha idea importante para “preservar as tradicións galegas e xerar actividades atractivas no rural”. Ademais, agradeceu a implicación do Concello á hora de promover esta celebración; así como a do propio promotor do evento, o Colectivo Hércules, unha asociación sen ánimo de lucro que fomenta e organiza actividades relacionadas coa práctica deportiva.



# COLABORACIÓN

## Que papel xogan os docentes tras unha catástrofe natural?

### O PUPITRE



Julio Díaz

Comenzar dando ánimo a toda a poboación valenciana e aos nosos compañeiros docentes da Comunidade Valenciana ante unha catástrofe tan tremendamente demoledora que nos pon en alerta ante a necesidade que a humanidade vai ter que adaptarse a un mundo un tanto hostil. Despois de traxedias deste tipo sempre ven o momento da reconstrución, o momento de volta á normalidade. Para os rapaces, non sempre é doado recuperarse destas situacións extremas que converten a súa vida cotiá nunha auténtica "montaña rusa" de vivencias, sensacións e

sentimentos de todo tipo.

Este tipo de escenarios catastróficos enfróntanos a unha crise que debe involucrar a toda a comunidade e, fronte á cal, é importante que todos colaborem para restablecer a normalidade o antes posible.

Cando pensamos no impacto dunha catástrofe deste tipo é habitual cingirse ao ámbito material. Casas danadas, estradas, pontes, servizos que se perden.... Pero isto é só a punta máis visible do iceberg. Debaixo atópase unha morea de traxedias persoais, de situacións máis ou menos extremas que afectan de maneira directa á saúde mental dos nosos rapaces. De feito, unha catástrofe deste tipo sempre leva parello unha sensación de shock coa que non sempre é doado convivir.

É habitual que despois destes escenarios non sexa factible continuar coas actividades escolares normal-

mente, polo que é importante xerar situacións e tarefas paralelas que permitan falar, recoñecer e analizar todas estas experiencias e emocións vividas por todos os membros da comunidade educativa.

Os docentes temos un papel crucial nestas situacións, xa que somos modelos de conduta para os alumnos. Debemos ser capaces de crear un entorno seguro onde os alumnos poidan compartir todas as súas experiencias e o que están a sentir para, dese modo, intentar desfacer paulatinamente esas tensións tóxicas que poidan interferir na súa vida e, polo tanto, na súa aprendizaxe.

Pero, o realmente importante, é como podemos axudar aos nosos alumnos a soportar estas situacións catastróficas. Ante todo, temos que ofrecerlles a oportunidade de poder falar dun xeito claro sobre o acon-

tecido. Permitirlles expresar as súas opinións, vivencias, sentimentos, que poidan falar das súas preocupacións e facer preguntas. É moi importante trasladarlles seguridade, mantendo a calma, sendo moi sincero e sempre desde unha perspectiva positivista.

É normal que os alumnos teñan novas condutas despois dunha catástrofe. Por exemplo, máis enfados, non querer separarse dos seus seres queridos ou que sexan indiferentes fronte a novas situacións. Doutro xeito, tamén poden

sufrir dificultades para conciliar o sono, problemas de atención e concentración, falta de motivación para facer realizar as súas tarefas ou mesmo para participar nas clases e problemas de relación cos seus compañeiros. Dependendo da idade tamén poden volver a ter condutas que xa superaran como controlar os esfínteres, dificultade da fala... Si estas situacións van en aumento ou se manteñen por moito tempo, é o momento de pedir axuda a persoal especialista.

Ánimo Valencia!

## O pracer da chuva

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nesta columna temos aludido a iniciativas literarias levadas a cabo por escritores da Terra, homes e mulleres que non teñen as letras como o seu medio de vida, senón que a súa vida laboral descorre por outros eidos. Exemplos como o de Pastora Veres, dos Vilares, ou Xosé Manuel Felpeto, de Cabreiros, ou Manuel Iglesias Turnes, de algo máis lonxe, da bisbarra A Barcala, preto de Santiago, tiveron merecido artigo por parte dun servidor, quen tamén, sen pechar de vanidoso e con toda humildade, se atreveu a sacar á luz algunha que outra publicación. Os traballos das persoas aludidas son de obrigada lectura para coñecer a realidade galega, como

era a vida da xente nas aldeas, como se evolucionou co paso dos anos e entender fenómenos tan diversos que irían desde a emigración, a axuda mútua, o caciquismo e o abuso de poder, ata a modernización, o machismo e o empoderamento da muller. Porque todas esas complexidades son analizadas por estes creadores que tiveron a afouteza de sentar diante dunha pantalla e teclear horas, días e semanas ata rematar a historia que sería desfrutada polos lectores.

O último destes valentes –si, este é o cualificativo que un lles quere outorgar– é Manuel Vázquez coa súa novela *O pracer da chuva*. Manuel, quen naceu en Valonga, no concello de Pol, traballa como celador no Hula, amosa ao longo do seu libro a súa propia vida, realizando un percorrido desde a infancia na aldea e o salto á cidade coas consecuencias que de-

rivaron dese traslado, ata a súa época universitaria e a iniciación e consolidación no mundo laboral. O prologuista, Xesús Trashorras, de Castroverde introduce á perfección o que agardaremos na lectura da obra. E efectivamente, a definición de autobiográfica, pero ao mesmo tempo xeracional, non pode ser máis acertada. Estamos ante alguén que se encadraría no grupo dos babyboom, os que naceron na década dos sesenta ata mediados dos setenta, que viviron nesa época de desenvolvemento económico, onde paseniño se desenvolvía unha modernización xeneralizada. No caso galego, asistimos unha nova vaga de fuxidas cara destinos onde ofrecían mellores expectativas. A Galicia interior comezaría a baleirarse, mentres aqueles que quedaban, ían mecanizándose pasando da mera produción de subsistencia a modernas explotacións

### O RECUNCHO DE CANELINA



gandeiras.

Manuel Vázquez conta en primeira persoa o que supuxo para el sendo un neno deixar o berce para morar na capital. O choque idiomático, a cuestión da identidade, o auto odio son debullados ao longo das páxinas con magnífica precisión, ditando sentenza coa súa testemuña. Novamente, ao igual que noutros casos sinalados, estamos ante unha auténtica acta notarial

do que é o noso País. O pracer da chuva, está escrito coas entrañas e dá cobixo a personaxes reais, sabios e referentes para quen estaba a carón deles. E tamén, sobre todo, o que atopamos é unha reivindicación en voz alta e un recoñecemento sen fisuras do mundo rural, da aldea e das súas xentes.

E todo elo, escrito por un celador de hospital quen naceu nas terras de Pol.



# DEPUTACIÓN

## O Pleno aproba uns orzamentos que ascenden a 130 millóns

A Deputación aprobou no Pleno os Orzamentos do 2025 que, con máis de 130 millóns de euros, “reforzarán o proxecto de progreso social e económico”. Así o manifestou a deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, na sesión celebrada no Pazo de San Marcos, e na que subliñou que o presuposto sube un 12%, grazas aos fondos do Estado.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, valoraba antes da sesión provincial ante os medios de comunicación que “é un bo día para a provincia de Lugo”. “Un documento que nos permitirá seguir mellorando a provincia neses catro piares que sustentan a acción deste Goberno”, citando á mobilidade, a cooperación cos concellos, as políticas sociais e o apoio aos sectores produtivos.

Incidíu a deputada en que o proxecto está “centrado en achegar os servizos públicos e en promover a actividade económica” e destacou que a Deputación de Lugo é unha Administración que cumpre, cunha execución do gasto que o ano pasado superou o 87%.

López Moreno valorou os orzamentos como “investidores, sociais e claramente expansivos”, porque sobe o capítulo destinado a investimentos reais en practicamente un 16%, ata os 19,14 millóns de euros; as transferencias correntes en preto dun 14%, ata os 17,8 millóns; e os fondos destinados ás políticas sociais volven supoñer preto dun terzo do Orzamento, subindo un 8% máis ata acadar os 41,2 millóns.

A Deputación dedica nos Orzamen-



tos do 2025 preto de 11 millóns de euros para os 9 centros de atención a maiores que hai en servizo - Trabada, Pol, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil - e continuar cos proxectos comprometidos noutros 9 concellos da provincia. Co compromiso do Presidente, José Tomé Roca, de abrir neste mandato as residencias de Becerreá, Guitiriz e A Pontenova.

O Servizo de Axuda no Fogar seguirá contando co financiamento da Deputación, que investirá 3,4 millóns para a súa prestación. Ademais a institución provincial manterá o servizo de teleasistencia domiciliaria. Así mesmo, o Goberno provincial inclúe 1,4 millóns a colaborar con diferentes asociacións que traballan contra a pobreza e a exclusión social para reforzar a rede de apoio que estes colectivos ofrecen ás persoas que máis o necesitan.

Polo que respecta ás políticas de emprego contarán con 4 millóns para favorecer a contratación e mellorar a empregabilidade a través da formación; educación, con preto de 3

millóns, tanto para o Centro de Formación Audiovisual da Deputación –o único público desta rama na provincia-, como para o apoio da Universidade pública os recursos para as políticas vinculadas coa igualdade; Deportes; Cultura e Artesanía e Deseño.

**ESTRADAS.** A mellora da mobilidade “é outro dos grandes piares dos Orzamentos”, explicou e por iso, detallou, a Deputación destinará ás estradas máis do 21% do total dos seus fondos, incrementando por riba dos 27 millóns de euros, tanto para obra nova, como para conservación, desbroce e actuacións do Parque Móvil, en estradas provinciais e municipais. Un incremento que supón un 42% máis respecto ao 2024, cando a institución provincial destinou a estradas 19,4 millóns.

Carmela López explicou que no 2019 as partidas da Deputación sumaban algo máis de 14 millóns, polo que en seis anos case se duplicaron os fondos. O Goberno da Deputación sube o Plan Deputación de cooperación cos Concellos ata os 22 millóns.




## Pecha unha nova tempada do ‘Coñece a túa provincia’

Vén de pechar “con éxito” unha nova tempada do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia. Preto de 3.650 persoas de 150 asociacións participaron na cuarta edición desta iniciativa que se desenvolveu en dúas quendas. Entre os meses de setembro e outubro, un total de 1.648 persoas de 72 colectivos participaron nesta proposta turística dirixida a dinamizar a economía local e dar a coñecer o territorio xerando

un retorno económico de máis de 115.000 euros.

Na última semana catro entidades de Guitiriz, Foz, Taboada e Barreiros percorreron as comarcas da Ribeira Sacra, A Mariña e Sarria.

Unha tempada máis, o programa incluíu, de balde, o transporte para os traslados, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia.



**FADEMGA.** José Tomé Roca asinou un acordo de colaboración co presidente da Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento, Eladio Fernández Pérez, a través do cal a institución provincial realiza unha achega económica de 2.500 euros para colaborar co servizo de orientación laboral desta entidade.

## Aproban o orzamento do Consorcio de Bombeiros

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, presidiu o Pleno desta entidade no que se aprobou un Orzamento de preto de 7,6 millóns de euros para o ano 2025, que se incrementa así un máis dun 30% con respecto ao 2024. A Deputación achega o 50% deste presuposto.

Estes orzamentos garanten o funcionamento dos seis parques do Consorcio –Monforte de Lemos, Chantada, Sarria, Barreiros, Vilalba

e Viveiro-, que contan con 20 efectivos cada un.

Dos 7.599.948,12 euros que contempla o orzamento do 2025, un total de 4,8 millóns están destinados a facer fronte aos salarios dos traballadores e traballadoras, máis 1,1 millón a gastos correntes, preto de 1,6 millóns ao fondo de continxencia e outros imprevistos, e 9.000 euros a investimentos.

Polo que respecta aos ingresos, proveñen das achegas da Deputación e da Xunta de Galicia a partes iguais e de Unespa (Asociación Empresarial del Seguro).

## Aumenta o investimento no programa Lugo Termal un 30 %

O ente provincial lugués vén de aprobar as bases e a convocatoria dunha nova edición do programa Lugo Termal para a temporada 2024-2025, que experimenta un significativo incremento no investimento e nas prazas. Así o anunciou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, na rolda de prensa posterior á Xunta de Goberno, na que informou que esta temporada, “o investimento total do programa aumenta nun 30 %, pasando de 91.000 a 121.605 euros, polo que, nos permite ofrecer ata 1.750 prazas, o que supón un aumento de 410

prazas en comparación coa edición anterior”.

Pablo Rivera destacou que o aumento das prazas reflicte o compromiso da Deputación “para mellorar o benestar e a calidade de vida dos veciños e veciñas”.

O programa Lugo Termal ofrece aos veciños e veciñas da provincia descontos en tratamentos termais nos balnearios de Lugo, Pambre, Guitiriz e Pantón. Está dirixido a persoas empadroadas na provincia que teñan 50 anos ou máis. Os beneficiarios poderán acudir a estes establecementos cun acompañante que non

teña necesariamente esta idade.

As prazas están dispoñibles en dúas modalidades: con estancia e sen estancia, adaptándose así ás necesidades de todos. Concretamente, o programa contará con 1.100 prazas con estancia: 40 no Balneario Termas de Lugo, 60 no Balneario Río Pambre, 500 no Balneario de Guitiriz e 500 no Hotel Balneario Augas Santas. Ademais a Deputación ofrecerá outras 650 prazas sen estancia: 200 no Balneario lucense das Termas, 150 no Balneario Río Pambre, 150 no Balneario de Guitiriz e 150 no Hotel Balneario Augas Santas.



# DEPORTES



## O equipo Genuine do CD Lugo inicia a tempada

Os xogadores de LALIGA GENUINE do Club Deportivo Lugo participaron da sétima edición da "mellor competición do mundo", na que 16 deportistas achegáronse ata Tarragona para desfrutar de xornadas "repletas de emoción e valores", competindo cos outros 46 equipos que conforman LALIGA.

Ademais, os participantes, que levaron a cabo a competición no Nou Estadi Costa Daurada, estadio do Nàstic de Tarragona, estiveron arroupados por afeccionados, ami-

gos e familiares, que os animaron no desfile inaugural cos himnos dos equipos. Nesta competición, priman os valores da tolerancia, o xogo limpo e a deportividade, pero cabe resaltar os resultados do equipo albivermello, que gañaron na xornada 1 contra o FC Andorra, pero caeron contra o Córdoba CF e contra o Nàstic de Tarragona. Despois desta primeira fase da tempada, a seguinte cita será na fin de semana do 15 e 16 de marzo na Coruña.



## O Biosbarro participou no Campionato de Galicia de Media Maratón

O Club Deportivo Biosbarro de Lugo participou no Campionato de Galicia de Media Maratón que se celebrou este domingo en Vilagarcía de Arousa e que estivo marcado por unhas condicións climatolóxicas con rachas de vento que non facilitaban ritmos moi altos de carreira, "polo que obter marcas persoais non era factible", din desde a entidade.

Porén, destacan que "sen medo, valentes", o quinteto formado por Fico (Federico) Losada, Borja Varela, Emilio Montilla, Iván Sangiao e Eneko Hurtado saíu a polo podio. "Cunha estratexia ben plantexada", explican, Federico mantívose en pos-

tos altos mentres que Borja e "Milo" avanzaron postos segundo pasaban os quilómetros, a pesar das duras condicións. Finalmente, Federico Losada finalizou como 3º de Galicia en M45 cun tempo de 1h18'15".

Pola súa banda, o equipo masculino quedouse ás portas do podio, entrando Borja Varela 1h18'45" e Emilio Montilla 1h20'09" nun puño para computar como os tres primeiros atletas do equipo, a moi poucos minutos da 3ª praza na clasificación de clubs. Na carreira feminina, nesta ocasión non presentaron equipo completo, pero Tamara García fíxose coa 3ª posición cun tempo de 1h33'.

## Unha nova edición do programa Xogade volve aos colexios

A Xunta está a desenvolver a nova edición do programa Xogade para o curso 2024/2025, que agrupa a programación deportiva escolar e federada promovida pola Administración galega. O delegado territorial, Javier Arias, asistiu á demostración de hip hop na que participou o alumnado do CEIP Nadela; a modalidade desenvólvese nas instalacións de Star Dance e están inscritos oito centros de Lugo, Friol e Outeiro de Rei.

Arias explicou que esta é unha das actividades de promoción fixadas para este trimestre, xunto coas de parkour, escalada, orientación e espeleoloxía.

Ademais, arranca tamén o calendario desta última especialidade na cova do Rei Cintolo de Mondoñedo. O programa está aberto aos centros de ensino, ANPAs, clubs, escolas deportivas municipais, agrupacións deportivas ou asociacións, entre ou-



tros.

As modalidades ofertadas dentro da actividade deportiva escolar son atletismo en pista, bádminton, baloncesto, balonmán, campo a través, dúatlon, fútbol sala, natación, orientación, patinaxe artística, tenis de mesa, voleibol e xadrez.

Ademais, hai 39 federacións adheridas, que amplían a oferta a outras disciplinas como o béisbol, halterofilia, hóckey, judo, kárate, pádel ou

remo.

Xogade inclúe tamén outras propostas arredor do deporte: Coñece o meu club, para poñer en contacto a centros escolares con clubs deportivos da súa contorna; Xogando coa auga e co vento, que proporciona bautismo en deportes acuáticos como o surf, o piragüismo, o remo ou a vela; e Xogos tradicionais e populares, para fomentar o seu arraigo na poboación escolar.



## Catro nadadores do PortaMiñá destacaron no Campionato Absoluto

Catro nadadores do Club de Natación PortaMiñá de Lugo conseguiron meterse en finais de diferentes probas coa súa participación no Campionato de España Absoluto de natación de inverno na piscina M86 de Madrid.

Este campionato era clasificatorio para o próximo campionato do mundo e nel participaron os mellores nadadores españois en busca de marcas mínimas de participación para o mundial, "co que o nivel do campionato tiña ese plus de competencia que o fixo máis esixente", explican desde o club.


Así, os resultados dos nadadores lucenses "estiveron ao nivel do esperado, tendo en conta que estamos a principio da tempada e que é un campionato Absoluto", sosteñen.

Desta maneira, destacan que Martín Vázquez López conseguiu o décimo posto en 50 mariposa, un 13º posto en 100 espalda e un 27º posto en 50 libres.

Pola súa parte, Inés Mourenza Rocha, conseguiu un 10º posto en 200 mariposa; un 12º posto en 1500 libres; un 17º posto en 800 libres; e un 33º posto en 100 mariposa.

Con respecto a Brais Novo López, acadou un 19º posto en 100 braza, un 28º posto en 50 braza e un 40º posto en 50 libres.

Finalmente, Sofía Mourenza Rocha chegou a 6ª posición en 100 braza, a 11ª en 50 braza e 14ª en 200 braza. Ademais, o relevo de 4x50 libres mixto formado polos catro nadadores finalizou no 13º posto.



## Adnaloy e Noa, de Magie Dance, subcampioas do Mundo de Baile

Dúas rapazas de entre 11 e 13 anos de Lugo proclamáronse subcampioas do Campionato Mundial de Baile Deportivo que se celebrou en Guadalaxara.

As alumnas da Escola Magie Dance participaron, xunto con outras 5 persoas da escola lucense neste campionato mundial no que houbo distintas categorías e estilos, pasando todos aos cuartos de final.

Adnaloy e Noa, cun dúo de bachata en categoría junior, quedaron segundas no podio pola súa "gran actuación", da que está moi orgullosa a súa adestradora, Magalí. Esta tamén di estar "moi contenta" co resto de resultados, xa que "houbo tres dúos que se meteron na final de bailes caribeños en bachata e salsa, que quedaron 5º e 6º respectivamente".



# “Representar á miña terra é moi emocionante”

**A deportista Noa López Tallón adestra no equipo Ensino de Lugo pero se formou no CB Sarria**

Por Jessica Fernández

**De onde nace o seu amor polo deporte?**

Dende pequeniña meus pais sempre me inculcaron o gusto polo deporte en xeral, gústame velo e sobre todo practicalo. Teño feito de todo: ximnasia rítmica, natación, esquí, patinaxe, baloncesto... aínda que o que máis me chamou sempre foi o fútbol.

**En cantos deportes competiu e con que clubs?**

En ximnasia rítmica estiven co Club Xirandela, en fútbol sala co Colexio da Asunción, en fútbol campo coa SD Sarriana e co PM; e en Baloncesto co CB Sarria, Estudiantes de Lugo, BBKA de Ferrol e o Club Ensino de Lugo.

**Pode contarnos a súa traxectoria?**

Comecei a xogar ao baloncesto aos 6 anos no Colexio da Asunción, pero alí non competía. Esta actividade impartíaa o CB Sarria. Cando tiña 8 anos entrei en programas de seguimento da Federación Galega de Baloncesto, formando o Combinado Galego (10 nenas de 8 anos seleccionadas de toda Galicia). A partir de aí, na tempada seguinte, empecei a competir co CB Sarria na categoría de Premini onde estiven 5 anos, compaxinándoo con vinculacións ao Estudiantes de Lugo en categoría Mini e outro ano en BBKA Costa Ártabra en categoría infantil para poder competir en Liga Galega. En cadete dei o salto ao Ensino, no que estou actualmente vivindo a miña terceira tempada.

**A nivel de clubs, cales son os momentos máis salientables que viviu?**

Cando era infantil, fun convidada polo Ensino a participar na Minicopa da Raiña. Nesta competición só poden participar os equipos infantís de

clubs que compiten en Liga Endesa. Daquela, non xogaba no Ensino, pero a competición permitía levar ata 3 xogadoras convidadas e eu fun unha delas. A miña participación nesa competición abriume moitas portas. Celebrouse en Valencia, nas instalacións de la Alquería del Basket e eu nunca estivera nun complexo deportivo tan impresionante. Foi xenial. A nivel Galicia, gañar o Campionato Galego en categoría infantil co BBKA de Ferrol 2022, o Campionato Galego júnior co Ensino, en 2023 e o subcampionato en 2024 foron momentos importantes. A posibilidade de vivir e competir en tres Campionatos de España de clubs tamén foron vivencias increíbles.

**Como é a experiencia de formar parte dunha Selección Galega?**

Ser galega e poder representar á miña terra é dos momentos máis emotivos e emocionantes. Iso non só supón competir, senón que dá acceso a adestrar con adestradores fabulosos, participar en torneos noutras comunidades, compartir concentracións coas mellores xogadoras de Galicia, viaxar, coñecer xogadoras de toda España... síntome unha privilexiada por ter vivido coa Federación Galega tres Campionatos de España de Seleccións en Huelva. Este tipo de experiencias enriquecéronme tanto a nivel deportivo como persoal, deixándome amizades para toda a vida. Porén a pandemia deixoume mal sabor de boca ao non poder participar no Campionato de España Mini en San Fernando, que tivo que suspenderse, foi unha pena...

**Tamén lle gusta a modalidade de 3x3.**

Si, é unha modalidade deportiva que está gañando moita popularidade. O



3x3 chegou para quedarse, gústame moito. No verán, cando teño tempo libre, aproveito para xuntarme con amigas de diferentes sitios de Galicia e participar en torneos de verán porque é unha maneira de seguir facendo o que máis me gusta pero dun xeito máis lúdico. En competición oficial no 2023 participei con dúas nenas de Ferrol e unha de Vigo e fomos Campioas Galegas SUB-15, o que deu paso ao equipo ao Campionato de España 3x3 en Blanes, representando a Galicia. Nese mesmo ano, co Ensino participei no Campionato de España 3x3 de Clubes sub-17 que se celebrou en Mallorca.

**E da Selección Española, que nos pode contar?**

Que te chame a Selección Española é sempre un orgullo. Son moi poucas as nenas as que teñen a oportunidade de entrar e ser unha delas é un privilexio. Entrei por primeira vez na Sub-a14 nunha concentración en Íscar, Valladolid, na que xogamos un triangular con Portugal. Coa Sub-15 fun convocada para participar nun campionato organizado pola JUNIOR NBA en Abu Dhabi. Foi increíble. Alí competimos contra Inglaterra, Alemaña, Emiratos Árabes, Qatar e Libano. Gañamos o torneo, e fun a MVP contra Alemaña foi unha vivencia

moi especial.

**Cales son os valores que, para vos, son imprescindibles no baloncesto?**

Penso que a humildade é un gran valor que, acompañado do traballo, a disciplina, a constancia, o compromiso e o compañeirismo, levan ao éxito deportivo e social. Os valores do baloncesto son os valores que deben estar presentes tanto no deporte como da vida.

**Cal foi o peor momento da súa carreira deportiva?**

Téño moi claro: o 12 de xaneiro de 2024 xogando un partido en Culleredo notei un crack no xeonllo esquerdo. Rompín o menisco, tiña que parar e pasar por quirófano, a tempada para min remataba. Foi un duro golpe nun ano que tiña moitas proxectos. Tiven que vivir na bancada dúas fases finais galegas, dous campionatos de España, fase de ascenso a Liga 2... pero quedome con que aprendín moito. Sentín o cariño de moita xente, que me axudou e me encheu de forza, estivo ao meu lado acompañándome na miña recuperación... E así aprendín que nos momentos malos sempre aparecen cousas boas, que son as que hai que agarrarse para coller impulso.

**Como o viviu?**

Sabía que un deportista ten que convivir co risco á lesión, pero foron meses complicados. O meu ritmo de vida cambiou, xa que non podía adestrar, xogar, convivir coas compañeiras, non sabía se volvería a xogar, se sería a mesma xogadora... Durante os meses de recuperación, sentínme moi arroupada. Chegáronme moitas mensaxes de ánimo. Doulle as grazas a Adrián Gallego, o meu médico e veciño de Sarria, que me operou, o preparador físico de Ensino e aos fisioterapeutas que me axudaron. Traballei duro para recuperar e poder volver axiña, e conseguino. Tiven moita sorte.

**Como foi a volta ás pistas?**

Moi intensa. Comecei a pretempada con Liga Endesa en agosto, en setembro cos meus equipos júnior e sénior autonómica e aínda que teño algunha molestia típica trala operación, pouco a pouco me vou atopando mellor e cada día que pasa síntome con máis forza.

**Falando de Liga Endesa... hai pouco pasou algo moi especial**

Pois si, outro soño conseguido. Teño a sorte de que no Ensino confían moito en min e querenme ben. Este ano estou en dinámica co primeiro equipo e aínda que xa xogara partidos amistosos de pretempada, este ano no primeiro partido da Liga en Lugo convocáronme para xogar contra o Valencia Basket e debutarei nun partido oficial de Liga Endesa con 16 anos.

**Que supuxo iso?**

Foi un soño feito realidade. No momento de saír á cancha, creo que fun a nena máis feliz do mundo. Non sentín nervios, estaba confiante porque me sinto súper querida e apreciada tanto polas xogadoras como polo corpo técnico. Coidanme un montón e axúdanme a superar as dificultades, estou aprendendo moito e sempre estarei agradecida desta oportunidade que me están dando.

**Como ve o futuro?**

Gustárame poder vivir a experiencia de chegar a ser xogadora de baloncesto profesional. Sei que é moi difícil e é para unha etapa curta da vida, pero é algo polo que vou traballar. No futuro seguro que estarei vinculada ao deporte, que é o que máis me gusta.

## Uxía, da Escola Deportiva Shihan, logra o ouro en kata xuvenil

A Escola Deportiva Shihan de Lugo vén de participar na Liga Nacional Infantil que tivo lugar esta fin de semana en Tarragona.

Desta maneira, a alumna Uxía proclamouse campioa en kata xuvenil tras enfrontarse a duras rivais, co que vai cara a final de Liga Nacional. Porén, perdeu na categoría de kumite.

Pola súa parte, a alumna Ángela

avanzou ata a 3ª rolda en kata, e en kumite queda sen opción a pesar do bo combate que destacan desde o club.

Finalmente, Iria tamén avanza ata 3ª rolda e en kumite acaba preto de conseguir a medalla de bronce, o que lle supón un sabor agriado. Porén, haberá outra oportunidade na Final da Liga Nacional.



## Milio gaña o Aberto de billarda do Minho

Por Daniel Rodríguez Saavedra

O día ventoso non amedrentou os bravos palanadores que deron o mellor de si en cada golpe da billarda esta fin de semana no Aberto do Minho no campo de Nadela. E mentres todos agardábamos o desenlace do “grupo da morte”, noutros campos decidíanse os gañadores da xornada. Así Milio con 23 puntos foi o gañador e Félix, con 22, segundo.

O terceiro posto saíu dun desempate entre Albino, Chousa e Sachas. O mellor foi Chousa. En donas dominio de Castiñeiro con Vanesa e Cris por diante de Alba. Diego e Mateu compartiron o primeiro chanzo dos infantís e Antía e Mateo tamén compartiron o segundo posto.

En canto a equipos, estréanse no podio os Carabullo por diante de Billardeiros Musicais e Troitas Bravas.



## DE RUTA EN RUTA

# Ribeira de Piquín: Ruta Río Eo-Pena Millares

O Eo, que destaca pola súa biodiversidade, protagoniza este itinerario de gran valor natural

**R**ibeira de Piquín é un dos municipios máis singulares do interior da montaña lucense. O valor etnográfico do seu patrimonio natural convérteno nun dos concellos de visita obrigada na provincia. Precisamente a riqueza paisaxística definen a Ruta Pena Millares que ten como protagonista ao río Eo, que destaca pola súa gran biodiversidade, o que explica que estea incluído dentro da Reserva Biosfera Eo, Osocos e Terras e Burón.

O percorrido comeza preto da área recreativa fluvial de Chao de Pousadoiro. Os muíños e bosques de galería ofrecen ao visitante a posibilidade de descubrir a flora do lugar na primeira parte da travesía. Tras cruzar a ponte, na marxe dereita do río encóntrase a Acea de Barcia, mentres que os terreos de cultivo e os prados do Carrizal de Barcia acompañan ao camiñante ata chegar á Ponte de San Xorxe. Un desvío permítenos contemplar a súa igrexa románica do século XVIII con altar neoclásico.

Seguindo a ruta, as ruínas da Acea de Campo e os restos da ponte



sobre o río indican que estamos preto da Retorta, unha área recreativa onde facer unha parada para repoñer forzas. Reiniciada a marcha ata a estrada, no rego do Mestre observamos a Acea do Fidalgo e seguindo esa dirección debermos desviarnos polo camiño das Gardiñeiras. Pouco a pouco, poderemos contemplar a maxestuosidade, de lonxe, da Pena de Millares.

O camiño adentrarase no monte de Acebedo e Mestre, nos que os piñeirais, todo tipo de frondosas e o pedregal de Acebedo permitirán escoitar o ruído das augas que discorren por el. Xa no miradoiro, eríxense en todos o seu esplendor o valor do Eo, a Serra de Pena Armada e a de Meira. Na volta pasaremos por Sadrarín e Barcia, puntos nos que poderemos gozar dos seus hórreos e da capela de San Xoán Degolado, ata chegar, entre piñeiros e eucaliptos, ao comezo da ruta.



## DATOS



4 horas 15 min.



12,4 quilómetros



Dificultade baixa



3.777,00 €  
2.899,00 €

\*Últimas unidades a este precio cómpralo agora y págalo en 12 meses sin intereses

### TRACTOR CUB CADET LT2 NR92

Motor: Cub Cadet OHV - 439 cc. Potencia: 15 HP.  
Ancho de corte: 92 cm. Tracción: Hidrostático.  
Capacidade recogedor: 240 l.  
Ajuste altura de corte: 5 posiciónes



FINANCIACIÓN\*\*  
12 PÁGUE EN MESES SIN INTERESES



# MILLAVEN

AGRICOLA-JARDIN-OCIO



299,00 €  
199,00 €

### MOTOSIERRA HUSQVARNA 120 MARK II

Motor: Husqvarna 38,2 cm<sup>3</sup> - 1,4 kW.  
Ancho de hoja: 35 cm.  
Velocidad cadena: 3/8 BP-1,3 mm.  
Peso: 4,85 kg.

1,4 kW 438,2 cm<sup>3</sup> 35 cm 3/8 BP-1,3 mm 4,85 kg

Ctra. de Santiago Km.3 (Salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo  
Telf.: 982 046 047 - info@millaven.com - www.millaven.com